

NEDA ■ P14

Melloras no trazado do Camiño Inglés ao seu paso pola vila

ORTIGUEIRA ■ P19

O goberno local inviste 650.000 euros en renovación de viais

ARES ■ P22

Luz verde aos orzamentos municipais para 2023

enfiques.gal

EN FOCO | 28-M

Os socialistas de Ferrolterra buscan revalidar o seu peso nas comarcas

ACTUALMENTE OS SOCIALISTAS GOBERNAN EN SOLITARIO EN FERROL, PONTEDEUME, AS PONTES, CEDEIRA, ARES, CERDIDO, MONFERO, A CAPELA, NEDA, CARIÑO, ORTIGUEIRA E VALDOVIÑO



Formoso e Isabel Rodríguez arroupan aos candidatos socialistas da comarca de Ferrol para ampliar a rede de alcaldías.

Páx. 2-3

CEDEIRA ■ P21

Avances no proxecto de rexeneración do arenal da Madalena

■ A actuación, dirixida a acabar definitivamente co desequilibrio que afecta ao areal e que fai que as dunas estean retrocedendo, terá un orzamento duns 2,4 millóns de euros.

PONTEDEUME ■ P8



Pontedeume crea 230 plazas de aparcamento en 6 parkings

EUME



Propietarios das Fragas piden á Xunta máis compensacións

Páx. 10

COMARCAS

A Deputación inviste 2 millóns no Servizo de Axuda no Fogar

Nos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal a Deputación financiará este ano cun investimento 2.022.979,76 de euros a contratación de 35 profesionais e un total de 109.414,98 horas de axuda no fogar, “un servizo imprescindible para a

atención de maiores e dependentes, especialmente nos concellos rurais, que ademais dá emprego a máis dun centenar de persoas na provincia”, segundo explicou o presidente da Deputación.

Páxina 15



EN FOCO

O PSOE tentará revalidar a súa hexemonía municipal nas tres comarcas

Máis de 175.000 veciños de Ferrol, Eume y Ortegal están chamados ás urnas o próximo 28 de maio para elixir novos representantes municipais. O estudos demoscópicos non auguran grandes cambios de cara a estas eleccións que os grandes partidos xa debuxan en forma de plebiscito do que pode acontecer nas xerais de novembro. Nas tres comarcas o PSdeG mantén desde a última convocatoria electoral unha holgada hexemonía que tentará manter para este próximo mandato, durante o cal non só se celebrarán eleccións xerais, senón tamén autonómicas.

Actualmente os socialistas gobernan en solitario en Ferrol, Pontedeume, As Pontes Cedeira, Ares, Cerdido, Monfiero, A Capela, Neda, Cariño, Ortigueira e Valdoviño. E co-gobernan co BNG en Cabanas. Os nacionalistas teñen o bastón de mando en Fene, Moeche e San Sadurniño, mentres que o Partido Popular segue a ser a forza maioritaria en As Somozas, Mañón e Mugardos. Pola súa banda, Narón segue a estar en mans de Terra Galega.

As enquisas e as avultadas maiorías coas que contan os partidos nalgúns destes municipios fai augurar un mapa moi similar ao actual de cara ao próximo mandato. A praza máis importante, por ser o concello cabeceira das comarcas e o máis poboado, Ferrol, é precisamente onde máis disputa parece haber para afrontar o 28-M. Os populares de Rey Varela foron a forza máis votada nos anteriores comicios, con 12 concelleiros, a un da maioría absoluta —apenas a un milleiro de votos—, pero o bloque de esquerdas facilitou o goberno en minoría do socialista Ángel Mato, que tentará facer historia sendo o primeiro rexedor que repite mandato na cidade departamental.

Con todo, as primeiras sondaxes apuntan a que será de novo José Manuel Rey Varela o que repita como alcalde de Ferrol con 13 ou 14 concelleiros. As mesmas enquisas, aínda prematuras, reflicten un avultado abstencionismo no votante de esquerdas e mesmo un gran número de indecisos naqueles que nas anteriores eleccións deron os seus votos ao bloque de esquerdas. Mobilizar a parte deste electorado poderá decantar a balanza en Ferrol.

Na segunda grande urbe das comarcas, Narón, todo apunta a que Marián Ferreiro revalidará a Alcaldía, pero falta por saber se logrará a ansiada maioría absoluta. Ao igual



que Rey Varela, a líder de Terra Galega está a un concelleiro de poder gobernar en solitario. Un obxectivo máis necesario ca nunca tralos cambios que o PSdeG realizou na agrupación local onde o novo candidato, Jorge Ulla, anunciou que o partido deixará de ser “unha muleta de TEGA” e aspira a recuperar a súa “propia voz”.

Máis calmo está o panorama noutros municipios da comarca de Ferrol onde o PSdeG goberna con suficiente maioría. É o caso do socialista Alberto González en Valdoviño, que conta con 9 dos 13 concelleiros da corporación e opta

ao seu terceiro mandato, o segundo con maioría absoluta.

Un caso similar é o de Pablo Moreda en Cedeira. Tras un primeiro mandato en 2015 co apoio do BNG e Anova, nas pasadas eleccións conseguiu a maioría absoluta, pasando de 3 concelleiros a 7. Lonxe de arrebatarlle o bastón de mando está o PP, con 4 edís e o BNG con dous. Os populares presentan ao exalcalde de Moeche, Xulio Cribreiro, como cabeza de lista para recuperar un municipio no que os conservadores teñen gobernado durante varios mandatos.

Tamén loitará polo seu terceiro mandato consecutivo

Ángel Alvariño en Neda, que goberna con ampla maioría unha corporación na que o PSOE ten 9 concelleiros, dous o PP e un tanto o BNG como a formación política Moveneda. O empresario nedense Eladio Romero é a aposta dos populares para arrebatarlle a Alcaldía ao PSdeG oito anos despois.

Outras das maiorías absolutas que os socialistas ostentan na comarca é a do alcalde areásan Julio Iglesias, no cargo desde 2007. O dirixente socialista conta cunha ampla marxe para revalidar o seu cuarto mandato. Nas pasadas eleccións logrou 7 dos 13 edís, deixando ao PP en 3 e ao BNG con 2.

No caso da comarca do Eume, o mapa atópase actualmente tinguido totalmente de vermello. Goberna o PSdeG nos cinco concellos e en catro deles con amplas maiorías. O actual presidente da Deputación e líder dos socialistas galegos, Valentín González Formoso, volverá presentarse á reelección como alcalde de As Pontes, localidade que goberna dende 2007. Dáse a circunstancia de que o concello perderá nestes comicios catro edís —de 17 a 13— debido a que a súa poboación baixou dos 10.000 veciños, polo que o reparto dos votos para acadar un edil vai variar nestes comicios.

MAIO 2023

Tamén aspira a súa terceira maioría absoluta o alcalde de Pontedeume e secretario xeral dos socialistas coruñeses, Bernardo Fernández. Xunto co alcalde valdoviñés, o socialista ostenta unha das maiorías máis amplas do PSdeG nas comarcas con 9 dos 13 edís, mentres que o PP e o BNG teñen dous edís cada un. Ambos partidos repiten cabezas de lista neste 28-M.

Tamén reeditarán a súa candidatura á Alcaldía os actuais socios de goberno en Cabanas. O alcalde socialista Carlos Ladra e o tenente de alcalde do BNG, Iago Varela, volverán presentarse como alcaldables para tratar que o Partido Popular, que foi a forza máis votada en 2019, non acade a maioría absoluta. Actualmente os conservadores teñen 4 edís, O PSdeG 3 e Bloque 2. Como novidade, os socialistas anunciaron que Eva García Amor, edil de Asociación de Electores de Cabanas, se integrará na súa lista.


Dous históricos alcaldes eumeses, Manuel Meizoso e Andrés Feal, volven a aspirar ás alcaldías de A Capela e Monfero, respectivamente. Ambos contan con maiorías absolutas. Para Meizoso este será o seu cuarto mandato se volve obter o bastón a mando, que ostenta con 5 dos nove edís da corporación. Os mesmo que ten Andrés Feal en Monfero, con PP como terceira forza e o BNG cun solo concelleiro. O rexedor monferés é un dos máis veteranos de Galicia, ostentando a alcaldía desde 1987 de forma ininterrompida, salvo no mandato de 2011 a 2015.

Onde os socialistas non van repetir candidato é en Cerdido. O actual alcalde, Benigno Galego, cédelle a testemuña a Braís Prieto como cabeza de lista para optar ao goberno do concello ortegano. Nas municipais de 2015 foi elixido alcalde con maioría absoluta e reelixido nas municipais de 2019 obtendo 7 concelleiros de 9.

Camiño do seu terceiro mandato preséntase tamén Miguel Alonso Pumar en Cariño. Nas eleccións municipais de 2015 encabezou por primeira vez a candidatura do PSdeG na vila, acadando ser a lista máis votada e obtendo a alcaldía por maioría simple.

Nas eleccións municipais de 2019 revalidou o cargo con maioría absoluta, desta volta acadando 7 concelleiros dun total de 11, o que supón o mellor resultado histórico do PSdeG en Cariño.

Tamén desde 2015 goberna en Ortigueira o actual candidato do PSdeG, que logrou des-



ACTUALMENTE OS SOCIALISTAS GOBERNAN EN SOLITARIO EN FERROL, PONTEDEUME, AS PONTES, CERVEIRA, ARES, CERCIDO, MONFERO, A CAPELA, NEDA, CARIÑO, ORTIGUEIRA E VALDOVIÑO E COGOBERNAN CO BNG EN CABANAS

bancar ese ano ao Partido Popular nun dos feudos conservadores da comarca. O bastón de mando de Ortigueira é un dos máis pelexados, xa que os socialistas gobernan tan só con 6 concelleiros mentres que o PP acadou 5 edís, Centristas Ortigueira 1 e Primeiro Ortigueira outro. Valentín Calvín, unha das apostas fortes do PP nas comarcas, volverá concorrer como cabeza de lista.

No outro municipio do Ortegal, Mañón, o actual rexedor, Alfredo Dovale será por primeira vez candidato á Alcaldía. O popular tomou posesión do cargo na metade do mandato trala morte do que ocupara o cargo durante 34 anos, Alfonso Balseiro. A pesar do pasamento do histórico líder dos populares no concello, a ampla maioría do PP na corporación, con 6 de 9 edís, non parece estar en risco.

Outro dos bastións do Partido Popular é As Somozas, con Alfonso Tembrás ao fronte. En 2014 accedeu á alcaldía logo do falecemento do seu antecesor, Manuel Candocia. Nas municipais de 2015 foi o candidato do PPdeG e foi elixido alcalde ao obter todos os concelleiros, pero nas últimas eleccións perdeu

tres edís; 2 foron parar a Alternativa por Somozas e un para o PSdeG. Nun dos feudos históricos do PP en Galicia, a terceira alcaldía consecutiva para Tembrás parece asegurada.

Onde os populares van ter que pelexar o sillón municipal será en Mugardos. É un dos concellos coa corporación máis repartida. De feito, o bloque de esquerdas, formado polo PSdeG (3 edís), EU (4 edís) e BNG (1) conta cunha maioría suficiente para arrebatarlle a alcaldía a Juan Domingo de Deus, pero as discrepancias entre eles déronlle ao partido conservador o mandato. Deus foi elixido alcalde de Mugardos en 2015. Deixou a alcaldía en agosto de 2016, logo de prosperar unha moción de censura presentada conxuntamente por EU, Iniciativa Cidadá de Mugardos (ICM) e BNG. En decembro de 2019 volveu ser elixido alcalde tras prosperar unha moción de censura apoiada polos tres concelleiros do PSdeG.

Outra praza revolta politicamente é Fene, o terceiro municipio máis poboado das comarcas e un dos motores industriais da zona. Neste concello

gobernado polo nacionalista Juvenino Trigo tras unha moción de censura, o BNG conta con 6 edís, os mesmos que o PP, mentres que o PSdeG ten 4 e Esquerda Unida un. O actual rexedor repite como candidato do Bloque e tamén o que fora alcalde popular Gumersindo Galego, mentres que o PSdeG elixiu a Joaquín Ayala, actual secretario xeral da agrupación municipal, para tratar de mellorar o actual resultado.

Onde semella que o Bloque non vai ter problemas para reeditar a alcaldía é nos dous grandes feudos nacionalistas da comarca. De feito, en Moeche soamente concorren aos comicios do 28-M o BNG, que ostenta unha maioría absoluta de 6 de 9 concelleiros, e o PP, que ten os 3 restantes. Os socialistas non pugnarán por esta praza. En San Sadurniño o alcalde Secundino García ostenta tamén unha ampla maioría absoluta desde o 2011. Actualmente ten 7 concelleiros, por 3 do PP e 1 do PSdeG. Esta é a oitava candidatura de Secundino García, que encabeza as listas do BNG dende as eleccións municipais de 1991.

TRIBUNA


Cara onde ir?

Estábamos un amigo e máis eu ceando en Santiago, na Tita, tortilla. Había tempo que non nos víamos e falamos un pouco de todo, incluídos os fillos. Sostiña el o habitual: que o que estaba claro é que tiñan que estudar ciencias, porque as letras estaban máis moribundas que nunca; e puña por exemplo o xornalismo, ferido de morte, dicía, polas redes sociais e a intelixencia artificial.

Meu amigo é intelixente, e sei que o que estaba a considerar era o futuro laboral dos rapaces, as súas posibilidades na práctica, as saídas –sempre as saídas-. Non estaba filosofando nin pensaba no devir da sociedade. O malo de min é que si que filosofo, aínda que sexa consciente de que, ás veces, mentres reflexiono a realidade pásame por diante. Son tan pouco práctico que sigo a pensar que un bo motivo para estudar algo é que che guste, ou, incluso, no colmo da inxenuidade, que sexa importante para esa sociedade da que non estábamos a falar. Quixen rebaterlle, pero había tempo que non nos víamos.

Nesa mesma semana asistín a unha conferencia sobre intelixencia artificial. O currículo da muller que a deu era impresionante –e iso que un xa está curado de espanto, despois de descubrir en LinkedIn que raro é o que non ten un par de Premios Nobel-, sobresaínte de verdade, tanto no académico como no profesional. Pero, iso si, só nos campos técnico e empresarial.

A conferencia non foi boa: os datos eran de dominio público e non aportou moito máis do que un pode atopar nun par de



segundos na rede. Pero onde se viron máis claramente as carencias da conferenciante foi nas preguntas. Porque, como era de esperar, case todas xiraban ao redor das consecuencias que esa tecnoloxía, a irrupción vertixinosa da intelixencia artificial, podería ter nas nosas vidas, na sociedade, nas nosas actitudes e aptitudes e mesmo

no noso futuro como especie. Uns máis e outros menos, a xente sente certa preocupación, certo desacougo ante estes cambios –como leva pasado ao longo da Historia, cada vez que unha novidade semella romper a liña normal de progreso-, e chega rapidamente a certas preguntas. E busca respostas, ou como mínimo esbozos de

respostas, liñas que dean algunha pista. E aquela enxeñeira e empresaria non tiña nin respostas nin pistas, nin foi capaz de ofrecer algunha idea minimamente profunda ou ampla, que non fora un simple lugar común.

Os que defendemos a importancia das letras, das humanidades, de que haxa xente que

siga a estudialas, polo xeral temos a sensación de que falamos nun plano teórico, demasiado abstracto, de que damos argumentos difíciles de defender no día a día da rúa; que filosofamos e os demais cómmenos as papas. Por iso senta ben atopar exemplos claros e palpables, como o da outra tarde: persoas co perfil da nosa conferenciante, máis que capacitadas para desenvolver ese proceso, para facelo realidade no cotián, pero cegas, en cambio, para ver máis alá, para prever as consecuencias a longo prazo dos cambios e para valorar o seu impacto. Incapaces de dar as respostas que a xente pedía.

Que diferenza, por exemplo, co último artigo de Daniel Innerarity no El Correo, Supremacismo digital, no que reflexiona sobre que posibilidades ten a IA de nos substituír, de desprazar a nosa intelixencia e facela prescindible. Pero e que, claro, Innerarity é filósofo, que seica é unha profesión que non vale para nada.

Un pensa dende hai moitos anos que a división entre ciencia e humanidades é moito máis artificial do que xa temos asumido, que o coñecemento non é tan compartimentable. Pero, en calquera caso, se hai que comparalas, teño claro que a ciencia é a nosa máis valiosa ferramenta para avanzar, para desprazarnos; pero que son as humanidades, as letras, as que nos axudan a elixir a dirección correcta. E que, polo tanto, o día que as esquezamos definitivamente non saberemos cara onde ir.

PORTOROSA

Sobre a velocidade

Como nos pasados días, a propósito do exceso perpetrado por un coñecido político do país, falouse dela polos medios adiante, hoxe vou escribir sobre a velocidade. E escribir rápido, en pouco tempo, para sentila formigar nos dedos, pero, iso si, sen transgredir normas nin limitacións. Respectando. Atendendo ás prescricións da educación vial, da sensatez sintáctica. A verdade é que escribirei coma sempre, que estou escribindo coma sempre, unhas veces un chisquiño máis á preta e outras máis amodo, sen intención de superar récords propios ou alleos, sen vontade de chegar canto antes ao punto de destino, desfrutando do

percorrido, dos ofrecementos variados da paisaxe, das saídas imprevistas. Dos agochos que, cando menos o espero, constrúe o tempo no seu avance. Escribir sen urxencias, sen levar as bucinas acesas.

Descoñezo cal era a urxencia que tiña que atender o político veloz, que motivo ou razón o levou a desairar desa maneira o espazo, a forzar a capacidade técnica ata os límites, a pór en perigo, e iso é o máis grave, a vida dos demais usuarios da vía pública pola que circulaba, a maioría sen tanta preta coma el, ou con menos vontade transgresora, ou alleos, por propia condición, á influencia estupefaciente da velocidade, pero é posible que non houbese

ra máis urxencia que a consolidada coa propia dinámica da conducción, unha urxencia subxectiva, a autoconsideración de heroe vencedor fronte aos condicionantes humanos do tempo e o espazo.

O poeta Filippo Marinetti publicou alá polo ano 1909 no xornal “Le Figaro” o famoso Manifesto futurista, no que intentaba explicar os fundamentos dunha nova poesía, e non só, senón tamén dunha sociedade xuvenil e arriscada, allea a todos os logros do pasado, convertido así só en lastre, e orientada cara a unha aventura permanente e tecnificada sen limitacións éticas. Neste Manifesto, Marinetti escribiu (e citamos en castelá): “Afirmamos que el esplendor del mundo se ha enriquecido con una belleza nueva: la belleza de la velocidad”. Ou tamén: “Un automóvil de carreras, con su capó adornado de gruesos tubos parecidos a serpientes de aliento explosivo, un automóvil rugiente es más bello que la Victoria de Samotracia”. A beleza da velocidade. A beleza do poder sen consideracións. O automóvil coma prótese, como arma compensatoria de todas as carencias, como ariete capaz de derrubar todas as resistencias. A velocidade como relixión, como unha nova forma de relacionarse cun máis alá desligado das imperfeccións naturais, da lentitude do corpo. Así, dende a época de Ma-

rinetti, fomos vivindo, intentando ser cada vez máis rápidos, coma se estiveramos sempre intentando fuxir dos depredadores, da soidade, de nós mesmos. E aí estivo a industria, con Henry Ford á cabeza, pendente da nova necesidade, fortalecéndoa, ofrecéndolle debido e costoso cumprimento. Aí estivemos, e, para algúns, polo que se ve, seguimos estando, aínda que cada vez son máis os que, sen querer volver ao carro de bois ou á dilixencia, si defenden unha vida máis lenta, máis pendente de cada paso, máis intensa. Un xeito de vivir, sen dúbida, máis humano.

NICANOR TISCHLER

Sindo Vilariño, catedrático de Economía

Deputados no congreso polo distrito electoral de Pontedeume

DESDE A DEFINITIVA IMPLANTACIÓN EN ESPAÑA DO SISTEMA PARLAMENTARIO EN 1834, LOGO DOS INTENTOS E FRACASOS DESDE 1812, SUCÉDENSE UN ELEVADO NÚMERO DE CONSTITUCIÓNS E LEIS ELECTORAIS.


A Lei electoral de 1846 establece o sistema de elección por distritos uninominais, dividíndose as provincias en distritos electorais a razón dun deputado no Congreso e un distrito por cada 35.000 habitantes. Os distritos faranse coincidir cas demarcacións dos partidos xudiciais, e así ese ano a provincia da Coruña elixirá doce deputados. Este sistema perdurará na maioría das convocatorias ata 1923, agás nalgúnhas delas, nas que se recupera a elección por circunscricións provinciais, como no bienio progresista ou en tres eleccións dos anos sesenta.

O distrito electoral de Pontedeume estaba integrado polos nove concellos do Partido Xudicial: Pontedeume, Cabanas, A Capela, Castro (Miño), Vilarmaior, Monfero, Ares, Mugardos e Fene. Nalgúnha convocatoria, para acadar o mínimo de habitantes por distrito electoral esixido pola lei en vigor, engadíranse outros concellos limítrofes, como ocorre a comezos do século XX, no que entran Neda e San Sadurniño.

No período de 1846 ata o ano 1923, -cando o golpe de Estado do xeneral Miguel Primo de Rivera, do que en setembro se cumpre un século, instaura unha Ditadura co apoio do rei Afonso XIII-, celébranse trinta e catro eleccións lexislativas e catro eleccións parciais por dimisión ou morte do deputado titular. Supón unha media de dous anos por lexislatura. Elixirase polo sistema maioritario un deputado nas Cortes en cada elección.

Catorce convocatorias realízanse polo sufraxio censatario, no que os electores son contribuíntes que pagan unha determinada contribución (territorial ou industrial), ou pagando menos, posúen certas capacidades profesionais (licenciados, avogados, médicos, profesores, etc...). Este sistema vai supor que o censo electoral sexa moi reducido, do que quedan afastadas as clases baixas e medias.

Vinte catro eleccións realízanse polo sufraxio universal masculino de veciños inscritos no padrón, maiores de vinte cinco anos, co que se eleva de forma significativa o número de electores.



Frutos Saavedra Meneses (óleo)
Deputado 1860-66.

Todas as leis electorais deste período, coinciden en fixar en vinte cinco anos o límite de idade para ser elector e en non deixar votar ás mulleres.

Elixíronse no distrito, deza seis deputados, neste período de setenta e sete anos. Algúns deles repetirán en varias lexislaturas e outros terán unha duración efémera.

Algúns dos deputados

O primeiro deputado polo distrito será Santiago Luís Rafael Stuart Fitz James Ventimiglia, Duque de Alba, Duque de Liria, XVII Conde de Andrade, XVIII Conde de Lemos, con importantes propiedades en Galicia e no distrito (o castelo de Nogueirosa ou o pazo de Pontedeume). Será elixido nas eleccións de decembro de 1846 polo mínimo de electores establecidos na lei vixente: 150 electores, dos que votan 75, obtendo 74 votos. Será deputado en dúas lexislaturas ata agosto de 1850.

Frutos Saavedra Meneses (1823-1868), natural de Ferrol e fillo de Antonio Saavedra,


Juan Armada Losada.
"Marqués de Figueroa"
Deputado 1891-1910.

facendado do partido de Pontedeume. Militar, experto en fabricación de armas e aparatos xeodésicos.

Será deputado no Congreso en catro lexislaturas, desde 1860 a 1866 (na última será elixido polo distrito provincial da Coruña). Foi tamén director xeral de Obras Públicas. Son recoñecidas súas xestións para conseguir unha estación de telégrafos, a ampliación dos peiraos de Pontedeume, Ares e Mugardos e o seu traballo a prol do ferrocarril Palencia-A Coruña coa súa prolongación Betanzos-Ferrol.

O máis salientable representante político do noso distrito será o avogado, escritor, e líder dos conservadores, Juan Armada Losada, Marqués de Figueroa, (1861-1932). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, fai o doutoramento na Universidade Central de Madrid. Será autor moi prolífico de obras poéticas e novelas.

Deputado por Pontedeume en nove lexislaturas desde



Julio Wais Sanmartín
Deputado
1912-23.



1891
ata 1910.

Só nunha das eleccións en 1893, terá rival político, o liberal Daniel López, quen malia contar co apoio do goberno, perderá por preto de novecentos votos. Nas demais convocatorias os liberais renuncian a presentar candidato, respectándolle o seu feudo. A partir de 1910 será deputado polo distrito da Coruña ata 1923. Será vicepresidente do Congreso en catro lexislaturas, presidente interino do Congreso, director xeral do Contencioso e varias veces ministro do Goberno.

O derradeiro deputado do distrito será o avogado Julio Wais Sanmartín. Nunha elección parcial de decembro de 1912, debido ao falecemento o vinte tres de outubro en París do deputado titular José Lombardero Franco, a Xunta Provincial proclamou deputado electo polo artigo 29 da lei electoral de 1907, que permitía adxudicar o escano sen

elección cando só se presentaba un candidato. Será deputado ata xuño de 1923, en sete lexislaturas, sendo elixido polo artigo 29 en cinco das convocatorias, e tendo como rival nas lexislaturas de febreiro de 1918 e nas de xuño de 1919, a Rodrigo Sanz López, candidato agrario-rexionalista, a quen gaña por pouco máis de mil votos. Será ministro do Goberno en 1921 e por dúas veces no 1930.

Un caso senlleiro é o da familia progresista do deputado liberal de Redes (Ares), o médico Gaspar Rodríguez Rodríguez. Seu pai, Patricio Rodríguez Díaz natural de Pontedeume e casado coa veciña de Redes Angela Rodríguez Coucillas, foi maxistrado na Audiencia de Valladolid e deputado no 1843 pola Coruña. Seu irmán Daniel, avogado e deputado polo distrito de Pontedeume de 1881 a 1883, renuncia ao cargo ao ser nomeado maxistrado na Audiencia de Madrid.

Gaspar Rodríguez, realizou os estudos primarios na Cátedra de Latinidade de Pontedeume e o bacharelato e Menciña en Santiago. En 1859 instalase de médico en Ferrol.

En 1866 tiveron que exiliarse os dous irmáns en Inglaterra, logo do fracaso de participar na conspiración contra a raíña Isabel II. Retornaron en xaneiro de 1868.

Deputado no Sexenio Democrático (1868-1874) pola circunscrición provincial da Coruña e dúas veces polo distrito de Ortigueira. Tamén foi Director Xeral de Instrución Pública. Sae elixido deputado polo distrito de Pontedeume, mediante eleccións parciais, en setembro de 1883 en substitución do seu irmá Daniel, exercendo de xaneiro a marzo de 1884.

Faleceu de xeito inesperado o dezaseis de marzo, cando xa fora nomeado candidato liberal para as eleccións que ían celebrarse en abril.

A pouca pegada que queda nos Concellos do distrito, deste período con deputados nas Cortes, pódese resumir nunhas cantas rúas nas que aínda locen os nomes dalgúns destes políticos.

AS PONTES



Xornada empresarial en As Pontes co tecido local e da Terra Chá.

As Pontes saca músculo industrial ante empresarios e institucións nacionais

As Pontes foi este pasado mes de abril o quilómetro cero da industria e da empresa de Ferrolterra e da Terra Chá: nas últimas semanas acolleu tanto o encontro empresarial “Convocatorias do Estado para o fomento da innovación e o desenvolvemento”, con representantes do Goberno central e de grandes compañías, e tamén do encontro organizado pola Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) “As Pontes, nova industria para a nova economía”.

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, foi anfitrión o pasado 20 de abril deste encontro sobre convocatorias do Estado, no que participaron o secretario xeral de Industria do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, Francisco Blanco; e o delegado do Goberno en Galicia, José Ramón Gómez Besteiro, presentados polo presidente da Confederación de Empresarios da Coruña, Antonio Fontela.

No encontro, no que se deron a coñecer as principais liñas de axudas do Ministerio d orientadas a facilitar a transición dixital e ecolóxica do tecido empresarial vinculado ao sectores naval, enerxético, téxtil ou da automoción, contou tamén coa presenza dos pro-

motores dos futuros proxectos que se implantarán no municipio como Reganosa, EDP, Ence e Universal Kraft, así como con representantes das empresas máis relevantes da comarca de Ferrolterra e Terra Chá como Megasa, Endesa, Norvento, Grupo Tojeiro, Intaf, Servicio Móvil, Ferroplast, Entrepinares, Navantia, Estrella Galicia, Gabadi, Cándido Hermida ou ABANCA e a totalidade do sector industrial das Pontes.

González Formoso destacou que neste encontro estaba representado “boa parte do Produto Interior Bruto da provincia da Coruña e de Galicia, con sectores estratéxicos como o naval, a automoción, a construción, a ciencia a tecnoloxía ou a innovación”. O alcalde tamén chamou a aproveitar os fondos europeos a as oportunidades que brinda “a revolución industrial na que estamos inmersos” para consolidar “a triada industrial entre As Pontes, Ferrol e San Cibrao”.

O secretario xeral de Industria incidíu en que tanto España como Galicia están inmersas nun proceso de descarbonización que, “coma todos estes procesos, máis que un problema é unha enorme oportunidade para deixar de ser un país importador neto de enerxía e

converternos nun exportador”. Así, nun lugar “coa capacidade e a tradición industrial das Pontes” é fundamental “facer todo o posible para mantela e aproveitar as oportunidades”, algo “que xa está a suceder” da man do Goberno central, que “é moi consciente da importancia da industria e do efecto arrastre que ten para xerar empregos estables con bos salarios”.

Nova industria, nova economía

O día anterior tamén se celebrou o encontro “As Pontes, nova industria para a nova economía”, que tamén reuniu a boa parte dos mesmos actores empresariais, incluído o presidente da CEC, o alcalde e representantes de grandes empresas.

Antonio Fontenla felicitou tanto ás empresas como ó Concello das Pontes por “o exemplo de éxito na transición industrial dende a economía do carbón e a economía da sustentabilidade que representa”. “Este municipio é nestes momentos o polo máis activo da comunidade na captación de novas industrias e a punta de lanza do rearmamento das capacidades industriais de Galicia, con proxectos de referencia que optan a fondos Next Generation da Unión Europea”, engadiu.

Tamén quixo destacar a im-

portancia destes proxectos “por enmarcarse en sectores da nova economía, como as renovables e os combustibles verdes ou a bioeconomía circular”, en referencia á planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP, á planta da sueca Universal Kraft para a produción de amoníaco verde, e a bioplanta de Ence para a produción de fibra branqueada reciclada e biomateriais.

Sentury Tire

Neste contexto, a fábrica de pneumáticos que Century Tire planea construír nas Pontes continúa avanzando: durante o último mes estiveron sometidos a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental e o proxecto construtivo.

Este proxecto, que suporá un investimento de 531 millóns de euros para a construción dunha serie de edificios de produción, xestión e servizos auxiliares para a fabricación de pneumáticos que ocuparán 26 hectáreas, chega despois dun acordo entre a multinacional Century Tire e Endesa para instalarse nas Pontes, xerando 750 empregos directos.

As Pontes terá un transporte público municipal

O Concello das Pontes porá en marcha a finais de ano un servizo de transporte público municipal que conectará todas as parroquias co centro urbano a través de tres liñas regulares e un servizo baixo demanda. “Este novo servizo responde a unha demanda das asociacións veciñais do rural, que reclamaban un transporte que comunicase á veciñanza nun territorio tan disperso como o noso, cun núcleo urbano onde se concentran os servizos administrativos, sanitarios, educativos, económicos e de lecer das Pontes”, destacan dende o Goberno local.

Así, ante “o abandono que sufrimos os concellos rurais por parte do Goberno autonómico en canto a transporte público se refire”, con “supresión de servizos, incumprimento de horarios, falta de prazas e mala conservación dos vehículos”, o Concello das Pontes tomará a iniciativa “para facilitar a mobilidade dos veciños”, entendendo que se trata “dunha oportunidade para conseguir unha mellor calidade de vida para toda a poboación, promovendo a inclusión social”.

O servizo será gratuito para toda a veciñanza empadroadada no municipio e contará con tres liñas: haberá dúas circulares con oito servizos diarios tódolos días do ano, unha que unirá Chamoselo co Lago con 26 paradas e outra entre A Cuíña e O Lago cun total de 19 paradas. A terceira liña regular operará só os días lectivos e unirá o municipio cos centros educativos tanto nos horarios de entrada como de saída a través de dez paradas, conectando tamén o Centro de Saúde.

Estas liñas complementaranse cun servizo a demanda para as parroquias que terá que solicitarse con 48 horas de antelación e que dará cobertura a todos aqueles servizos tanto de mañá como de tarde que non cubre a Xunta. O servizo tamén funcionará en datas sinaladas como o Día do Defuntos, a Feira do Queixo e a Mel de Goente, a festa de San Vicente de Pontoibo ou as feiras gastronómicas.

CABANAS



O alcalde, Carlos Ladra, inaugurou a que será a nova Casa da Cultura

Inaugurada a nova Escola Laica

AS ÚLTIMAS REFORMAS REALIZADAS NESTA **CASA DA CULTURA** TIÑAN COMO OBXECTIVO DOTAR AO EDIFICIO DE MÁIS ESPAZOS

Tras seis anos de diferentes obras e actuacións, inaugúrase a nova Escola Laica de Cabanas convertida en Casa da Cultura.

As últimas reformas realizadas nesta Casa da Cultura tiñan como obxectivo dotar a este edificio de máis espazos que axudasen a un bo desenvolvemento de todas as activi-

dades socioculturais. A nova distribución interior do edificio permitiu facer 5 aulas, unha sala polivalente, a sala que se destinará á Axencia de Lectura, un despacho, unha sala de reunións, a planta baixa que albergará o Museo da La e un Salón de Actos, xunto co seu backstage.

No acto de presentación, o alcalde Carlos Ladra indicou que “a finalidade é desenvolver unha programación sociocultural anual estable para darlle vida a este edificio e para que non volva caer no esquecemento”. Este mesmo mes de abril trasla-

dáronse as clases de música, teatro de adultos, envelhecimento activo e club de lectura. Nas vindeiras semanas prevese que poida estar tamén acondicionado o espazo que albergará a Axencia de Lectura.

O obxectivo do Concello de Cabanas é ofrecer á poboación unha programación heteroxénea de espectáculos e eventos.

Estas últimas rehabilitacións foron financiadas a través de varias fases do POS da Deputación da Coruña, así como tamén con fondos municipais.

Adxudicada a reparación do Camiño de Chamoso

Adxudicadas as obras de reparación do Camiño de Chamoso por 82.289,99 euros.

As actuacións inclúen a mellora da capa de rodaxe, previa reparación de fochancas e perfilado de mordentes con grava e tratamento asfáltico semiprofundo, ademais da execución de dous treitos de cuneta de seguridade de formigón, e a apertura de gabias e limpeza de salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e trans-

versal. Complétase a obra coa colocación dun total de 70 metros de barreira de madeira cos seus correspondentes abate-mentos, así como a reposición de marcas viarias.

Esta actuación realizarase con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, POS+2021 e ten un prazo de execución de seis meses desde a data de sinatura da acta de comprobación de reformulo.

Cabanas mellorará a sinalización dos recursos turísticos

Cabanas conseguiu financiamento externo para a creación e sinalización da Rede Municipal de Micropaisaxes, un proxecto que se enmarca nas axudas a concellos de até 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.

Unha micropaisaxe é un recurso turístico que vai máis aló do visual, permitindo tanto a visitantes como á veciñanza desfrutar dunha experien-

Presentados os tres últimos libros de ‘Memoria dun século’

Saen do prelo os tres últimos libros de ‘Memoria dun Século’, protagonizados polas parroquias de Laraxe, Cabanas e Salto. Con estas publicacións, complétase o proxecto, que inclúe ás sete parroquias do termo municipal cabanés.

A través de Memoria dun Século, conseguiu-se xerar un espazo periódico onde as persoas maiores – especialmente das contornas rurais – puideron exercer e reelaborar as súas memorias persoais, articulando en conxunto o relato colectivo de cada unha das parroquias de Cabanas. Ademais, o programa ten un eminente enfoque de xénero, posto que entre as finalidades deste espazo está a posta en valor

das vidas e saberes das mulleres, principais participantes da actividade, contribuíndo ao seu apoderamento e á visibilidade das súas achegas á historia de cada parroquia.

As persoas interesadas en facerse cos libros das diferentes parroquias, que se distribúen de maneira gratuita, poden recollelos na Casa do Concello, así como nas sociedades ou escribindo a igualdade@cabanas.gal

“Co proxecto ‘Memoria dun Século’ quixemos recoller o tesouro das lembranzas a través da realización de obradoiros polas distintas parroquias, co fin de compoñer unha tea coa historia de todo o concello”, sinalou a concelleira de igualdade, Paula González.



As persoas maiores das parroquias de Cabanas prestaron as súas memorias para elaborar estes traballos antropolóxicos.

PONTEDEUME

Pontedeume crea 230 novas prazas de aparcamento en seis parkings

ESTÁN REPARTIDOS POLAS PARROQUIAS DE OMBRE, BOEBRE, VILAR, NA RÚA EMPEDRADO, NA AVENIDA DA CORUÑA, A AVENIDA DOUTOR VILLANUEVA E NA RÚA VALERIANO VILLANUEVA

O Concello de Pontedeume comezou a finais deste pasado mes de abril os traballos de adaptación dunha parcela que se atopa na confluencia da avenida Doutor Villanueva coa rúa Ría de Ares, para a súa transformación nun aparcadoiro. Está previsto que os traballos rematen nas vindeiras semanas.

Trátase dun solar que situado nas inmediacións do cemiterio municipal, a escasos 15 metros deste. O novo aparcadoiro permitirá gañar 30 novas prazas de estacionamento, que poderán ser utilizadas tanto por todos aqueles que acudan ao camposanto, como polos veciños e veciñas da zona. O uso da parcela foi cedido gratuitamente ao concello polos propietarios, a través dun convenio entre ambas partes.

Neste senso, cómpre lembrar que o concello adquiriu unha parcela na rúa Empedrado para destinala tamén a este fin. Neste caso, as obras de construción comezarán nas vindeiras semanas, creando outras 40 prazas, o que permitirá recuperar a Praza de San Roque para os peóns ao tempo que se gañan novos estacionamentos.

Pero estas non foron as únicas labores do goberno local para reordenar a mobilidade no concello, ya que tamén neste mes de abril abriuse o novo aparcadoiro de Vilar, tras a finalización das obras na zona. A infraestrutura cumpre así cunha demanda his-



O aparcadoiro de Vilar xa está aberto ao público.

tórica dos veciños e veciñas desta parroquia, que agora disporán dunha zona de estacionamento con capacidade para 40 vehículos, a carón da Igrexa e cemiterio parroquial. O Concello adquirira meses atrás este solar, que se atopa a 20 metros do acceso á igrexa. Tras a redacción e licitación do proxecto, iniciáronse as obras de construción do aparcamento, que remataron semanas

atrás. A parcela está distribuída en dúas pezas, conectadas entre si por unha ponte sobre o regato.

O Concello de Pontedeume tamén conseguiu a cesión de uso dunha parcela na avenida da Coruña que será destinada a zona de aparcadoiro. Nunha primeira fase dos traballos, habilitaranse en torno a 40 novas prazas de estacionamento na parcela.

“Dende o concello, queremos

agradecer a Danarte SL e Rías Altas Conservación SL a súa xenerosidade pola cesión de uso deste espazo, así como pola adaptación do mesmo para o fin descrito, e o compromiso coa nosa vila na habilitación de novos espazos de aparcadoiro”, asegura Bernardo Fernández, alcalde de Pontedeume. As tarefas de limpeza da parcela deron comezo xa esta semana e os tra-

ballos de adaptación do espazo iniciaranse nos vindeiros días.

E para rematar, a última adquisición municipal foron dúas novas parcelas nas inmediacións dos cemiterios de Ombre e Boebre para habilitalas como aparcadoiro. O goberno local cumpre así “cunha vella demanda histórica de moitos veciños e veciñas desas zonas”, que disporán de zonas de aparcamento ao carón das igrexas e cemiterios de ambas parroquias “nos vindeiros meses”.

Os traballos de adaptación destes solares xa deron comezo a pasada semana, polo que o Concello estima que proximamente xa poderán ser utilizados provisionalmente, en tanto non se inicien as obras de construción, para as que xa está solicitada a financiación.

No caso da parroquia de Ombre trátase dunha finca de 3.151 metros, e no de Boebre, de 1.914 metros cadrados. Con estas dúas novas adquisicións para o patrimonio municipal, ás que se suman a da parcela xa convertida en aparcamento en Vilar, a adquirida tamén no Empedrado, e as cedidas na avenida da Coruña, a avenida Doutor Villanueva e na rúa Valeriano Villanueva, a vila contará con 230 novas prazas de aparcamento. Ademais, o Concello está a negociar na actualidade a compra de dúas novas parcelas en Centroña e Nogueirosa, para así dotar destas infraestruturas a todas as parroquias.



A veciñanza acudiu ao mercado instalado na Casa da Cultura.

Centos de veciños celebran o Día do Libro cun mercado

O pasado domingo 23 de abril, Día do Libro, desenvóléronse numerosas actividades na Casa da Cultura de Pontedeume, no marco da súa Festa do Libro, organizada polo Concello.

Dende as 12:00 da mañá, as lectoras e lectores eumeses acudiron a procura de libros no mercado que se desenvolveu durante toda a xornada na Casa da Cultura.

Esta foi só unha das actividades postas en marcha polo con-

cello, que tamén organizou un teatro de monicreques, da man de Fantoches Baj para divertir ao público máis novo coa obra “O tranvía Leonardo”.

Tamén na Casa da Cultura tivo lugar o “Concerto Día do Libro” a cargo da Escola de Música Charamela, de Pontedeume. O Concello de Pontedeume vén involucrando cada ano á veciñanza nesta celebración para seguir fomentando entre todos o pracer pola lectura.

O patrimonio histórico da vila atraeu a máis de dous mil turistas en abril

ALUMNOS DA LOCALIDADE E DE INTERCAMBIO, **TURISTAS E MESMO CRUCEIRISTAS** ACHEGÁRONSE A VISITAR O TORREÓN DOS ANDRADE

Case 2.000 visitantes pasaron pola Oficina de Turismo e o Castelo de Andrade durante a pasada semana Semana Santa. As visitas ao Torreón dos Andrade, onde está ubicada a Oficina de Turismo de Pontedeume, e ao Castelo de Andrade, tiveron unha excelente acollida nestas festas. O Concello aproveitou a chegada de visitantes nestas datas para poñer en marcha varias actividades que deran a coñecer o patrimonio histórico, artístico e natural de Pontedeume,

así como a súa participación nas visitas guiadas que se realizaron no Centro de Interpretación dos Andrade.

Unha das máis destacadas foi a visita do alumnado do programa de intercambio cultural e lingüístico do VI Liceum Ogólnokształcące de Łódź, Polonia, que participou nas visitas guiadas realizadas en inglés para entidades escolares xunto co IES de Fene.

Unha vez rematadas as festas, O Concello seguiu impulsando as actividades turísticas e Pontedeume recibiu a visita pasaxe do cruceiro Arvia, que se achegaron ata a vila mentres facían escala no porto da Coruña con destino Southampton. Doutra banda, o alumnado do CEIP de Andrade e do CEIP Couceiro Freijomil participou nas visitas guiadas realizadas ao Mer-

cado Municipal para coñecer o valor da economía circular, os diferentes produtos locais, as tempadas de sembra e recollida dos produtos de horta e a importancia de seguir unha alimentación saudable. A rapazada tamén tivo que localizar nos diferentes establecementos os ingredientes necesarios para poder cocinar receitas eumesas como a costra-da.

O alumnado visitou tamén o Centro de Interpretación, achegándose así á historia do antigo Pazo e á relevancia que tivo a familia dos Andrade na vila. Finalmente, tamén participou nas actividades da oficina de Turismo o alumnado do IES Breamo, realizando diversas probas científicas, de cara á súa participación na iniciativa Cansat da Axencia Espacial Europea.



Multitudinaria visita ao torreón dos Andrade.

#mercanacasa

MERCA EN PONTEDEUME

Escolle calidade, escolle confianza



COMARCA DO EUME



Manifestación polas rúas de Pontedeume.

Veciños, alcaldes e propietarios de terrenos nas Fragas esixen un plan de xestión “consensuado”

Os alcaldes socialistas da comarca apoiaron este pasado mes de abril as dúas manifestacións protagonizadas polos veciños e propietarios dos terreos do parque natural das Fragas do Eume para demandar á Xunta de Galicia un plan de xestión consensuado e xusto. Nas manifestacións estiveron Valentín González Formoso, alcalde das Pontes; Bernardo Fernández, Pontedeume; Carlos Ladra, Cabanas; Manuel Meizoso, A Capela, e Alberto Cortizas, tenente de alcalde de Monfero.

Os socialistas respaldan as reivindicacións dos veciños e propietarios dos terreos afectados polo Plan Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) das Fragas do Eume, que a Xunta de Galicia vén de presentar “sen consenso nin diálogo, sen dar resposta a moitas das alegacións e sen ofrecer compensacións xustas polas limitacións que supón para os usos das terras”.

Os propietarios demandan a retirada cauteladora do PRUX e convocaron esta mobilización para esixir á Xunta que o Plan se elabore con “consenso” e contemple “compensacións axeitadas” para os propietarios das terras, xa que consideran

insuficientes as previstas actualmente.

Os socialistas lamentan que, tras vinte anos co Plan Reitor pendente, a Xunta comunique a súa aprobación de forma unilateral, sen dar antes resposta ás alegacións dos veciños e sen abrir un diálogo con eles para concretar aspectos tan importantes como os usos e restricións que afectan a cada zona ou as indemnizacións previstas en función das limitacións de usos.

“É unha tomadura de pelo e unha absoluta falta de respecto que, tras vinte anos esperando, a Xunta nin sequera se digne a explicarlles a propietarios e concellos que alegacións acéptanse e cales se desestiman e que nos teñamos que informar da aprobación do PRUX pola prensa”, denunciou o secretario provincial dos socialistas e alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández.

Fernández explicou que as alegacións, presentadas de forma conxunta “para mostrar a unidade das reivindicacións dos veciños”, pedían principalmente que se delimitasen e concretasen as zonas nas que se divide o parque e as accións,

usos e prohibicións e restricións que afectan a cada zona; así como as compensacións e indemnizacións para os propietarios dos terreos en función das limitacións de usos.

“Polo que vemos, a Xunta incumpre a principal reivindicación dos propietarios dos terreos, que é establecer un sistema de compensación; ao final, o que se aproba é un plan reitor para un parque que vai ser privado, debido a que ten donos aos que en ningún momento váiselles a compensar polas limitacións que terán nas súas propiedades, en función das distintas áreas de protección que contempla o PRUX”, censurou Bernardo Fernández, que considerou “inaudito” que se resolva un asunto desta importancia sen ter en conta aos propietarios dos terreos.

“Imos pedir á Xunta que nos remita o documento para estudalo en profundidade, porque o único que coñecemos, a través dunha nota de prensa, é que aceptan o 62% das alegacións, pero non sabemos se se inclúen as reivindicacións de propietarios e concellos”, concluíu.

Nace a Fundación Fragas do Eume para contribuír á súa conservación

O Grupo Ecoener constituíu a Fundación Fragas do Eume destinada á defensa, conservación, protección e ordenación do medioambiente e a diversidade do parque natural das Fragas do Eume. A entidade, tal e como publica este venres o Diario Oficial de Galicia, foi declarada de Interese Gallego pola Xunta de Galicia.

“Antes de que existise o concepto sustentabilidade, nós xa nacemos sostíbles e ese foi noso modelo de xestión e crecemento, pero desexamos dar un paso máis”, afirmou nun comunicado o presidente de Ecoener, Luís de Valdivia, que asegura que non só quer que as súas instalacións “sigan sendo un modelo de integración ambiental”, senón que tamén buscan “ir máis aló preservando e mellorando a contorna no que se atopan, e moi especialmente as Fragas do Eume”.

Deste xeito, a Fundación Fragas do Eume ten por obxecto a mellora da calidade paisaxística participando activamente na conservación do espazo natural e fomentando a custodia do territorio. Ade-

mais, promoverá e executará iniciativas que restauren as condicións naturais favorecendo a preservación dos hábitats, loitando contra o risco de incendios ou contra a erosión do terreo.

Ecoener lembra que as Fragas do Eume é un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados do sur de Europa, abarcan máis de 9.000 hectáreas e foron declaradas Parque Natural o 12 de agosto de 1997.

O padroado inicial da Fundación Fragas do Eume está formado por Luís de Valdivia, como presidente; Inés Juste, como vicepresidenta; e Fernando Rodríguez, como secretario. Ecoener destacou que mantén desde hai máis de 35 anos un firme compromiso coa biodiversidade e achegou axuda financeira a distintos proxectos sociais e de protección da natureza nos países nos que opera. Así, apunta que só no último ano levou a cabo en España a plantación dunhas 3.000 árbores e arbustos autóctonos e a revegetación de 35.000 metros cadrados de terreo.



MONFERO

O museo virtual chega ao Virxe da Cela de Monfero

O CPI Plurilingüe Virxe da Cela foi un dos oito centros educativos de toda Galicia seleccionados pola Fundación María José Jove para a segunda edición de “O MUV na escola rural”: un programa piloto co que a entidade quere facer máis accesible a cultura e a arte contemporáneo a escolares de escolas rurais, ademais de contribuír a eliminar algún dos obstáculos aos que estes centros enfróntanse día a día debido á distancia dos centros museísticos.

O MUV chegou ao Plurilingüe Virxe da Cela o 18 de abril e estará ata o 8 de maio. Durante estas semanas, o alumnado do centro pode “visitalo” e traballar cos recursos facilitados pola Fundación María José Jove. Para levalo a cabo, a Fundación habilita no centro educativo un espazo con computador e lentes de realidade virtual e os profesores son formados previamente.

Ao poñerse as lentes, os menores penétranse no museo virtual e atópanse con obras pertencentes á Colección de Arte Fundación María José Jove. O museo acolle as obras en 3D e a través dos mandos, nágase polo museo virtual. Hai obras de artistas como Berta Cáccamo, Menchu Lamas, Soledad Sevilla, Antonio Murado ou María Antonia Dans, entre outros.

“O MUV na escola rural” expónse como un proxecto conxunto e de intercambio, que permite compartir experiencias entre o Museo MUV-FMJJ e as escolas participantes no programa. Posteriormente, todos materiais didácticos, xunto con algúns dos resultados da experiencia dos oito



Alumnos do CPI Plurilingüe Virxe da Cela con lentes de realidade virtual.

centros educativos, serán recolleitos nunha publicación dixital que estará dispoñible na web do museo e sumaráse á xa realizada durante o curso pasado.

Antes da chegada do MUV ás escolas, a Fundación María

José Jove impartiu unha serie de sesións de formación aos docentes e facilitoulles os recursos didácticos sempre con torna á relación do medioambiente e a arte e que, posteriormente, son activados durante a estancia do museo nas aulas.



Visita ás estradas nas que se desenvolverán as obras.

Obras de ampliación e mellora nas DP-5001 e DP-5002

O deputado portavoz do goberno provincial Bernardo Fernández visitou este pasado mes de abril o concello de Monfero. Xunto co alcalde, Andrés Feal, e o tenente alcalde Alberto Cortizas visitou as estradas provinciais de Carballiño á Curra polo alto de Xestoso (DP-5001) e da Pila de Leña a Lagares (DP-5002) para supervisar o seu estado.

O alcalde destacou a necesidade de efectuar melloras

nestes viais, tanto na renovación do firme como na ampliación dalgúns tramos, co obxecto de garantir a seguridade do tráfico.

Pola súa banda, Bernardo Fernández confirmou que a Deputación encargará a redacción de dous proxectos para a mellora integral destas estradas, que deberán acometerse por fases, especialmente na DP 5001, debido á súa lonxitude de máis 15,6 quilómetros.

GALIA
VENDING

**LO QUIERES
LO TIENES**

galiavending.com
981 434 605





Día das Letras Galegas 2023 dedicado a Francisco Fernández del Riego

FERR  L

Programación

17.00 horas. Local social da Cabana.
Lectura da semblanza de Francisco
Fernández del Riego e actuacións da
coral Alecrín de Brión, do Real Coro
Toxos e Froles e do dúo Brigantia.

20.30 horas. Teatro Jofre. Concerto
de lalma. Entradas: desde 8 euros.

NARÓN

2,46 millóns de euros para obras e eventos culturais en Narón


COA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

SUFRAGARANSE OS ESTACIONAMENTOS DE PROXIMIDADE DA GÁNDARA E PIÑEROS, ENTRE OUTRAS OBRAS

Aprobada no pleno de abril do Concello de Narón unha modificación de crédito por importe de 2,46 millóns de euros que se destinarán a diversas obras e eventos a levar a cabo no municipio este ano, e en cuxa votación se abstiveron os representantes do PP e BNG.

Entre as actuacións proxectadas con cargo a esta partida sufragaranse os estacionamentos de proximidade da Gándara e Piñeiros, realizaranse obras para unha rúa de nova apertura perpendicular á San Carlos e outra na estrada de Castela, habilitarase o parque fluvial de Xuvia, construírase unha pérgola e remodelarase o parque 23 de novembro.

Tamén se instalará un sistema de monitorización das entradas e saídas do polígono de Río do Pozo, ampliarase a rede de saneamento na estrada




Obras en Piñeiros.

do Trece (no Camiño do Apeadeiro, en Ferrerías) e urbanizarse a rúa Camiño do Peregrino. Ademais, contémpase a reposición de caucho en varios parques do termo municipal, o mantemento de servizos e seguridade viaria na zona urbana, acometeranse novas melloras de accesibilidade e acondicionamentos de beirarrúas.

Con cargo ao mesmo modificado levaranse a cabo actua-

cións de reparación e mantemento de vías públicas, desenvolverase eventos de carácter lúdico e festivo, actividades de conciliación familiar, de promoción turística e festas gastronómicas.

Na sesión plenaria tamén se aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas reguladoras das taxas por recollida de refugallo sólidos urbanos e pola expedición de documentos administrativo.



Éxito de público na II Feira de Captación de Talento

A segunda edición da Feira de Captación do Talento organizada polo Concello reuniu no pavillón Campo da Serra a preto dunha trintena de empresas, entidades e institutos da zona.

Durante os dous días de duración sucedéronse varias charlas, a cargo de representantes das empresas e entidades participantes. Así mesmo, houbo tres ponencias principais.

A alcaldesa da cidade, Marián Ferreiro, acudiu á ponen-

cia do empresario Emilio Duró acompañada por edís do goberno local e presenciou a charla, na que se abordaron numerosos temas como os motivos polos que fracasa a xente na vida, quen nos puxo medo, o perigo dos egos e de que depende o éxito.

A Feira de Captación do Talento é un espazo concebido para que os participantes poidan informar sobre ofertas de traballo, a actualidade do mercado laboral e a diversificación.

O Concello dota o pavillón de A Gándara dun ascensor

O proxecto para mellorar a accesibilidade nas instalacións do complexo polideportivo de A Gándara avanza a bo ritmo.

Así o asegurou a alcaldesa Marián Ferreiro, que explicou que o goberno local incluíu esta actuación, orzamentada en 183.035 euros nun plan de investimentos municipal que permitirá continuar avanzando na mellora da accesibilidade dos edificios municipais.

“Na actualidade estase traballando xa en medidas complementarias a maiores das requiridas pola normativa en vigor, como a construción dunha rampa accesible polo exterior, na zona dos estacionamentos, que se complementará aproveitando a instalación dun novo

ascensor na achada coa reubicación da porta de saída, a ampliación do tellado exterior e a habilitación dunhas novas escaleiras”, apuntou Ferreiro.

No que respecta ás escaleiras interiores, co obxectivo de ofrecer maior protección aos usuarios das instalacións e evitar posibles impactos contra elementos, colocárase unha baranda de protección para protexer as zonas baixo as escaleiras e sinalizárase o punto das vigas que cruzan o graderío do vestíbulo. Entre as medidas inclúese tamén a colocación de franxas de pavimento visual e táctil no inicio dos tramos de escaleiras e tamén de pictogramas, segundo consta no proxecto.

As actuacións inclúen ademais a instalación nos aseos e vestiarios dun dispositivo de chamada de emerxencia que será perceptible no exterior ou no punto de control, e melloras no sistema de alumeadado en determinados espazos do interior da construción. A reforma dos aseos, a instalación de novas cabinas accesibles nos vestiarios e un novo aseos accesible na planta baixa de acceso ao graderío da piscina completarán este proxecto.

“Trátase dunha actuación que mellorará considerablemente este complexo polideportivo, un equipamento que estará pronto operativo e que constata o compromiso do goberno local coa accesibilidade,



Obras no pavillón de A Gándara.

un área á que nos últimos catro anos destinamos unha partida de preto de dous millóns de euros, que incluíu actuacións

en varias rúas e outros edificios como o Centro Municipal de Formación ou o Xulgado, entre outros”.

NEDA



Peregrinos pola zona do Paraíso, durante o Camiño Inglés.

Melloras no trazado do Camiño Inglés por Neda

NEDA CONSIGUE O APOIO DE TURISMO DE GALICIA PARA RESTAURAR O PAVIMENTO DAS RÚAS PARAÍSO E REAL E TAMÉN SE OBRARÁ NA RENOVACIÓN DA BEIRRARRÚA DO CAMIÑO DO REGUEIRO

Neda desenvolverá nos próximos meses obras de mellora no Camiño Inglés ao seu paso polo casco histórico. Turismo de Galicia vén de notificar o seu apoio ao proxecto do Concello para a restauración do pavimento das rúas Paraíso e Real, en pleno casco histórico da vila. A iniciativa busca mellorar o estado actual destas céntricas vías, pavimentadas con lousas de granito, que presentan danos derivados tanto da rotura das pedras como do afundimento do firme en algún punto, polo paso de camiões.

Esta situación deriva en risco de caída para os viandantes e dificulta nalgún tramo o paso de persoas con problemas de mobilidade. O Concello acada preto de 40.000 euros (o 90% do orzamento total), no marco da convocatoria de axudas para actuacións de embelecemento do litoral galego, financiada con fondos Next Generation, para dar unha so-

lución permanente a este problema, favorecendo o tránsito xeral nunha rúas ben frecuentadas, tanto pola veciñanza como polos milleiros que pasan cada ano milleiros de peregrinos e peregrinas.

As obras consistirán na demolición das zonas de firme danadas- actuarase en corenta puntos ao longo das céntricas rúas Paraíso e Real- e a substitución das lousas rotas ou afundidas por outras novas, e o levantamento e nivelación do pozos e arquetas de rexistro. Ademais dunha evidente mellora para a seguridade viaria, a materialización do proxecto suporá a completa restauración das rúas centrais do casco histórico, nas que o Concello ven realizando pequenas actuacións de mellora.

Tanto a rúa Paraíso como a rúa Real conforman unha típica imaxe de Neda, coas súas vivendas mariñeiras e os seu soportais.

A maiores, a Asociación de Concellos do Camiño Inglés vén de sacar a licitación o proxecto de actuacións de mellora e posta en valor desta ruta de peregrinación a Compostela. Trátase dun paquete de obras con intervencións previstas nos distintos municipios polos que pasa o trazado. O Concello de Neda apostou por incluír neste proxecto a reposición da beirrarrúa do Camiño do Regueiro, punto de paso obrigado dos peregrinos e peregrinas para saír do núcleo urbano nedense.

A intervención proposta dende o Concello ten o obxectivo de mellorar a seguridade viaria nesta vía que conecta a Avenida Castelao e a Avenida de Alxeciras. Trátase dun tramo urbano do trazado do Camiño Inglés que, na actualidade, conta cunhas beirrarrúas deterioradas polo paso do tempo, o estacionamento de vehículos sobre elas, e reparacións

puntuais efectuadas en distintos momentos.

O proxecto que se licita propón a demolición do pavimento da actual beirrarrúa norte do Camiño do Regueiro e a construción dunha nova, executada con baldosa hidráulica, incluíndo novos bordos e recrido de pozos e arquetas á nova cota, ademais da ampliación nas zonas máis estreitas para cumprir os parámetros de itinerario peonil accesible.

Se trata, por tanto, de facer máis seguro o tránsito tanto da veciñanza como dos peregrinos por unha vía que soporta un tráfico intenso. O conxunto das 15 intervencións previstas nas localidades do Camiño Inglés —unhas de pavimentación, outras de iluminación, sinalización— ten un orzamento de 473.131 euros. E as empresas interesadas en optar a facerse cos traballos poden presentar as súas ofertas ata o 17 de maio.

Neda licita de novo a pavimentación de vías en Anca e Viladonelle

O Concello de Neda volve licitar, tras a resolución do contrato – adxudicado inicialmente a finais do 2022- por causa imputable ao contratista, os traballos incluídos no proxecto de Pavimentación de camiños na zona de Anca- Viladonelle. As empresas interesadas teñen de prazo ata o vindeiro 14 de maio para presentar as súas ofertas.

Tras notificar a Asfalgal Técnicas Viarias SL a decisión de resolver o contrato asinado en novembro, por mor do incumprimento dos prazos para pór en marcha os traballos, o Concello iniciaba de inmediato o proceso para volver sacar a contratación as obras.

As intervencións previstas no proxecto consisten na roza mecanizada, limpeza de cunetas, aglomerado en quente, e posterior pintado lateral dun total de tres pistas da rede viaria municipal. Son concretamente a pista de Vilar- Sandes, camiño en Vila de Anca e camiño de Porta da Pena, en Viladonelle. As obras, que contan cun orzamento total de 67.857 euros, buscan mellorar a seguridade viaria nestas vías, cuxo firme se atopa nun estado de conservación deficiente, como consecuencia tanto do paso do tempo como do propio uso.

Neda vivirá a festa dos Maíos con música e adornos florais

Neda prepárase para vivir por todo o alto a festa dos maíos. Os estudantes do CEIP Maciñeira e os do CEIP San Isidro realizarán as súas creacións florais ao redor das árbores da feira, ademais de participar nun “flashmob” de baile tradicional.

A oferta de lecer incluírá ademais o espectáculo de música e monicreques de Os Monifates e, posteriormente, unha degustación popular de bollos preñados. A celebración concluirá coa festa rachada que asegura a presenza de Festicultores troupe. A coñecida banda galega cumpre 18 anos de traxectoria, dentro e fora do noso país, en plena forma. A formación actuará a partir das 21:00 horas o seu anovador espectáculo de rúa.

COMARCAS

A Deputación financia 110.000 horas de servizo de axuda no fogar

A ENTIDADE INVESTIRÁ MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA CONTRATACIÓN DE 35 PROFESIONAIS

A Deputación da Coruña ven de publicar a concesión definitiva do Programa de Servizos Sociais Comunitarios 2022, que supoñerá un importante investimento de 8,3 millóns de euros, o que permitirá financiar 411.000 horas de servizo axuda no fogar (24.000 horas máis que o ano pasado) e contratar a 179 profesionais do ámbito social nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia.

Nos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal a Deputación financiará este ano cun investimento 2.022.979,76 de euros a contratación de 35 profesionais e un total de 109.414,98 horas de axuda no fogar, “un servizo imprescindible para a atención de maiores e dependentes, especialmente nos concellos rurais, que ademais dá emprego a máis dun centenar de persoas na provincia”, segundo explicou o presidente da Deputación, Valentín González Formoso.

“Seguimos cumprindo co noso compromiso de reforzar todos os programas de protección social, tanto os da Deputación como os que dan apoio aos municipios da provincia”, afirmou o presidente provincial, que destacou que “a Deputación financia hoxe na provincia 100.000 horas máis de servizo de axuda no fogar na provincia que hai dous anos”.

Formoso subliñou o gran esforzo que teñen que facer os pequenos concellos para poder contar cun persoal de profesionais especialistas no campo social. “Por este motivo seguimos incrementando a dotación económica deste programa, un dos piares da área Social da Deputación, permitindo que os concellos podan contratar máis persoal administrativo, técnico e de axuda a domicilio”, incidiu.

“Os profesionais que a Deputación axuda a contratar son os que buscan solucións aos problemas diarios das persoas máis desfavorecidas ou que atravesan situacións difíciles, os que atenden nas casas aos maiores e dependentes”, explicou González Formoso,



O orzamento dedicado ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios incrementouse durante o mandato de Valentín González Formoso de 4 a 8,3 millóns de euros.

CONCELLO	PERSOAL CONTRATADO EN SERVIZOS SOCIAIS	HORAS DE SAF	INVESTIMENTO TOTAL
ARES	2	13.000,00	196.000,00
CABANAS	2	6.054,75	112.657,00
A CAPELA	0	2.500,00	30.000,00
CARIÑO	2	7.646,00	135.752,00
CEDEIRA	2	3.492,91	81.914,92
CERDIDO	1	1.200,00	32.400,00
FENE	3	4.672,07	118.064,84
MAÑÓN	2	6.000,00	116.000,00
MOECHE	1	2.000,00	33.000,00
MONFERO	1	3.000,00	58.000,00
MUGARDOS	2	3.395,00	84.740,00
NEDA	2	16.716,58	229.598,96
ORTIGUEIRA	3	3.400,00	106.800,00
PONTEDEUME	3	8.443,50	167.322,00
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	2	14.560,00	218.720,00
SAN SADURNIÑO	2	1.972,17	63.666,04
AS SOMOZAS	2	1.500,00	58.000,00
VALDOVIÑO	2	4.200,00	90.400,00
VILARMAIOR	1	5.662,00	89.944,00
TOTAL	35	109.414,98	2.022.979,76

que destacou que moitos municipios viron incrementada a carga de traballo dos seus servizos sociais nos últimos dous anos debido á pandemia e á situación socioeconómica.

Estes profesionais atenden cada día a miles de cidadáns

con problemas de índole social, que con frecuencia pertencen a colectivos especialmente vulnerables: infancia, mulleres vítimas de violencia, persoas con especiais dificultades de inserción laboral, maiores sen recursos, persoas

sen fogar ou con discapacidade.

O orzamento dedicado ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios incrementouse durante o mandato de Valentín González Formoso de 4 a 8,3 millóns de euros.

Case 17.000 horas

Neda é o concello da provincia que máis fondos percibe para este servizo

■ A Deputación provincial da Coruña colaborará cos Servizos Sociais Municipais de Neda cunha achega de 229.598,96 euros ao longo deste ano 2023. Estes fondos destinaranse principalmente ao Servizo de Axuda no Fogar, que recibirá máis de 200.000 euros. Na práctica, a partida permitirá ofrecer 16.716,58 horas de atención a persoas dependentes e de avanzada idade na modalidade de libre concorrencia. Así mesmo, os outros 29.000 euros dirixiranse á sufragar os custes derivados de contratación de persoal. Máis en concreto, dun administrativo C1 ou C2 (18.000 euros) e dun técnico A2 (11.000 euros). A partida reservada ao Concello de Neda é a maior das concedidas entre todos os municipios da provincia.

A CORUÑA PROVINCIA

956 KM DE COSTA E UN CAMIÑO INFINITO DAN PARA MOITO **TURISMO**

- Rías Altas: Ferrolterra
- Rías Altas: A Coruña e As Mariñas
- Costa da Morte
- Terras de Santiago
- Rías Baixas: Ría de Muros e Noia
- Rías Baixas: Ría de Arousa Norte



**Deputación
DA CORUÑA**



turismo.dacoruna.gal



VALDOVIÑO



Centro de saúde de Valdoviño.

Valdoviño esixe á Xunta o fin dos recortes no centro de saúde

A CORPORACIÓN PEDIU **POR UNANIMIDADE** A RESTITUCIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA OS CINCO DÍAS DE ATENCIÓN E A COBERTURA DO CUPO POR AUSENCIA

O Concello de Valdoviño esixe á Xunta que adopte as medidas oportunas para garantir a atención médica á infancia do municipio no centro de saúde.

A corporación en pleno, e por unanimidade, acordaba trasladar á Consellería de Sanidade esta reivindicación coa que poñer fin aos recortes no servizo que se veñen producindo nas últimas semanas a raíz da decisión da Xunta de que a titular da praza se desprace

tres dos cinco días de atención ao centro de Cedeira para suplir a falta de persoal en lugar de cubrir a praza na localidade veciña. PSOE, PP e Centristas apoiaban a moción, que recolle á súa vez a demanda trasladada polas familias do municipio.

O problema vese agravado polas propias carencias de persoal do centro de saúde de Valdoviño, tamén con prazas de médico de familia sen cubrir. Facultativos que deben atender

aos menores en caso de urxencia, motivando a saturación do servizo.

Ante esta situación, o Concello de Valdoviño demanda a restitución do servizo de pediatría os cinco días de atención, a cobertura da praza de médico de familia de baixa e, como vén solicitando nos últimos tempos ante o aumento da poboación, a ampliación de horarios de atención ás tardes, festivos e fins de semana.

Vinte camiños e pistas serán acondicionados por 211.000 euros

Adxudicadas as obras de acondicionamento de 20 camiños e pistas da rede municipal á empresa Mantiñán por 211.025 euros, que se financiarán con cargo aos fondos provinciais.

En primeira instancia, a intervención adxudicábase a Excavaciones Saavedra y López SL, aínda que finalmente a firma renunciaba ao contrato, obrigando de novo á Administración local a reiniciar o procedemento e optar pola

segunda oferta mellor valorada.

O contrato contempla o acondicionamento dos camiños e pistas de Viansil (parroquia de Lago); Latoal e Lousada (Loira); Taraza e Tuimil (Meirás); Xavariz, Moreira e Cadaval (Pantín); A Bedoxa, Preitel e Monetes (Sequeiro); Boeiro, O Muíño, Aviño e rúa Imeldo Corral (Valdoviño); A Vispeira (Vilaboa), e Vilela, Pena, Ermida de Liñeiro e Vilarrube (Vilarrube).

Repártense porta a porta 170 novos composteiros

170 veciños solicitaron a súa adhesión ao programa de compostaxe caseira. Entregaránse porta a porta os medios para a elaboración de compost nos seus fogares, un composteiro con capacidade para 400 litros. Os composteiros súmanse aos 70 que xa están operativos noutros tantos fogares dende finais do pasado ano, cando arrancaba o proxecto.

Deses 170 novos composteiros, a empresa concesionaria do servizo de recollida do lixo, FCC, colaboraba co Concello para financiar, no marco do novo contrato, un centenar deles. Os outros 70, como os 70 entregados, son sufragados cunha axuda económica da Consellería de Medio Ambiente a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado cos

fondos europeos Next Generation. Deste xeito, o Concello atenderá todas e cada unha das peticións recibidas para adherirse ao programa.

A través do mesmo, facilítase a transformación dos restos orgánicos que se producen nas vivendas en compost que máis tarde se pode aproveitar como fertilizante para xardíns, hortas e campos de cultivo. Unha práctica que aposta pola reciclaxe, respectuosa co medio, e que tamén permite reducir substancialmente a cantidade de residuos que van parar ao colector verde.

O programa tamén contempla un seguemento porta a porta do proceso, de modo que os veciños e veciñas participantes poidan contar cun asesoramento personalizado e tamén resolver posibles dúbidas.



Pantín Classic Pro, camiño a Festa de Interese Turístico Nacional

Trala súa declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia en 2016, o Pantín Classic Pro aspira agora a lograr a declaración a nivel estatal.

Nese camiño, a corporación municipal de Valdoviño aprobaba en pleno o seu apoio á declaración, e PSOE, PP e Centristas secundaban a proposta planteada polo Clube Praia de Pantín, promotor da iniciativa e organizador do evento.

É un evento que neste 2023 alcanzará a súa trixésima

sexta edición, un campionato mundial que trascende hoxe o meramente deportivo.

Neste contexto, o Pantín Classic Pro conta con argumentos para obter agora este novo recoñecemento, como a súa extraordinaria afluencia turística, tanto nacional como internacional, o seu sobresaínte valor deportivo, e a súa constatada repercusión na proxección do concello e da propia comunidade como destino, contribuíndo

ao posicionamento internacional de Galicia a nivel turístico.

Na mesma liña, Valdoviño vén de autorizar a actividade de tres novas escolas de surf nas praias do municipio -agás Pantín, limitada a 8 escolas, e Campelo, que se reserva para a práctica do surf libre-.

Trátase de Layback Surfcamp, que desenvolverá a súa actividade entre os meses de marzo e novembro; Asolas no Puntal e Campelo Surf House -nos dous casos, nos meses de xullo e agosto-.

RÍA DE FERROL

Materia orgánica e sedimentos lastran a produción marisqueira da ría de Ferrol

É A CONCLUSIÓN QUE SE DESPRENDE DO ESTUDO REALIZADO POLO PROFESOR XOSÉ LOIS OTERO PÉREZ, DO DEPARTAMENTO DE EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA DA USC

Un estudo elaborado polo profesor Xosé Lois Otero Pérez, pertencente ao Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Escola Politécnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela (USC) alerta que a materia orgánica e o incremento de sedimentos lastran a produción marisqueira na ría de Ferrol.

“A presenza de alta concentración de materia orgánica e nun contexto de materiais moi finos, como limos e arxilas, conduce a que o metabolismo dos sedimentos cambie e limite o desenvolvemento de moitas especies, sobre todo dos bivalvos”, explicou o profesor.

Otero Pérez presentou este pasado mes de abril na sede da Confraría de Barallobre, en Fene, un estudo encargado á Estación de Bioloxía Mariña da Graña, con sede en Ferrol, e xestionada pola USC.

Na súa intervención, destacou que a análise se ha baseado en “intervalos moi grandes de tempo” que limitan para “evidenciar cientificamente a causa exacta do problema”.

Así, sostivo que, neste caso, pode haber unha “combinación de causas” e sinalou que os limos e as arxilas, que chegan por arrastre desde a parte continental, posiblemente arrastradas polo río Xuvia, antes eran evacuados “ao exterior, fóra da ría, debido ás correntes”. Con todo, considerou que, tras a construción do porto exterior de Caneliñas esa evacuación puiden ser “máis limitada”.

Con estes compoñentes, o profesor universitario tamén incidiu que “a tendencia a un incremento do lodo é moi evidente”, un feito que conside-



Mariscadoras na ría de Ferrol.

Volven extraer vieira dous anos despois

Dous anos despois a vieira xa se pode volver extraer na ría de Ferrol: a prohibición obrigatoria desde abril de 2021 por culpa da toxina levantouse e, mentres as analíticas si- gan sendo favorables, os mariscadores de Barallobre, Mugaros e Ferrol seguirán desenvolvendo unha campaña que ata a data foi “moi satisfactoria”. “O prezo está a ser moi superior a en outras campañas e, se as analíticas permítenlo, esperamos seguir durante dúas semanas máis”, destaca Jorge López, patrón maior da Confraría de Barallobre.

rou que “non é exclusivo” desta zona, senón que se trata de “un problema que ocorre tamén nas demais rías”.

Sobre o porto exterior de Ferrol, Otero apuntou consideran que unha parte principal desta

llobre. En toda a campaña espérase extraer ata 30.000 quilos de vieira e, tras este bo arranque, non descartan unha segunda campaña entre setembro e outubro. Ata a data os mariscadores atopáronse cunha gran abundancia, o que, sumado ao prezo actual da vieira e a que o produto é “de moi boa calidade”, está a facer que a campaña sexa “moi satisfactoria”. Actualmente están a saír a faenar cada día dez barcos —tres de Barallobre, dous de Mugaros e cinco de Ferrol—, que están a extraer ao redor de 2.000 quilos.

situación débese á barreira que se puxo, que fai que as correntes sexan totalmente distintas, “tanto as de entrada como as de saída”. Iso, indicou, motivaría que “parte do que se agrega por parte de río Xuvia, que antes



Capturas de vieiras en Barallobre.

chegaría á zona exterior, agora pois queda instalado na parte media da ría”.

En canto a posibles solucións, detallou que “dragar é unha solución, pero tamén temporal, porque volve pasar o mesmo co

tempo”. Por iso, apostou por “unha actuación integral, para evitar cargas de sedimentos elevadas, tarefas de drenaxe e facer que algunhas infraestruturas sexan máis permeables”, algo que “sería sempre positivo”.

ORTIGUEIRA

Ortigueira inviste 650.000 euros en renovación de viais

NO ÚLTIMO MES O GOBERNO LOCAL LICITOU E ADXUDICOU OBRAS DE RENOVACIÓN EN PRACTICAMENTE TÓDALAS PARROQUIAS DO CONCELLO

O Concello de Ortigueira vén de impulsar obras de renovación de viais en practicamente tódalas parroquias do municipio ó longo do mes de abril: os investimentos postos en marcha ascenden ós 648.840 euros, coa licitación de traballos por valor de 356.319 euros e adxudicacións por 292.521 euros.

O alcalde, Juan Penabad Muras, destacou a aposta do Goberno local “por mellorar o servizo básicos da veciñanza”, sinalando que “continúase incrementando o número de quilómetros de pistas renovadas grazas á execución do plan de mellora da rede viaria municipal, mellorando a seguridade viaria e facilitando os desprazamentos e a vida cotiá da veciñanza”.

En concreto, adxudicáronse obras para renovar vías en Insua, O Ermo, Cértigos, Loiba, Couzadoiro e San Claudio da man dun proxecto financiado polo Plan Único da Deputación da Coruña. Na Insua rexenerárase a pista que vai de San Miguel a Deveso cun orzamento de 33.082 euros; no Ermo mellorárase a pavimentación

da pista entre Igrexario e Ramil por 58.759 euros; en Celtigos e Loiba rexenerárase diferentes pistas cun investimento total de 34.312 euros; en Couzadoiro renovarase o vial de Xorres por 90.643 euros e, por último, realizarase un aglomerado en quente na pista que vai da Bodeguña a Rocha, en San Claudio, por un total de 75.722 euros.

Novas licitacións

Máis aló destas adxudicacións de traballos que comezarán de xeito inminente, o Concello de Ortigueira vén de sacar a licitación proxectos para mellorar os viais en San Adrián, San Claudio, Mera, O Ermo, As Neves, Cuíña, Devesos, Freires, Couzadoiro, Luama, Ladrado e Loiba por valor de 356.319 euros.

Na parroquia de San Claudio renovarase o vial que vai da subestación a Carballo de Boi, na súa intersección coa AC-682; na parroquia de Mera de Riba rexenerárase a pista de Torrente; en Mera de Riba e O Ermo renovarase a pista que vai dende a Igrexa de Mera de Riba a Vilar pasando por Pumarín e no Ermo renovarase o vial que conecta Suspenido e Casavella, pasando por Suarri-va.

Por outra banda, na parroquia das Neves mellorárase a pista que vai de Vilariño a Corvite, en Devesos rexenerárase a pista de Pontellas, en Freires váise renovar o vial que vai dende Meixido á AC-101 e en



Un dos viais que se reparará en Ortigueira.

Couzadoiro renovarase a vía que vai de Corbelle a Viduido e a de Acibido. Dentro do mesmo proxecto tamén se rexenerará en Luama a pista de Branderiz, en Ladrado a pista dende Agromaior ata Igrexa pasando por Xuncal e en Loiba os viais de Boca, Grela-Os Portas e a estrada que vai dos Ramos a Rosario.

Do mesmo xeito, en San Adrián realizase un aglomerado en quente da pista de acceso á igrexa, na pista que vai dende Calvario ata Catadoira pasando por Igrexario, cun orzamento de 31.352 euros. Así, realizarase un desbroce previo do terreo para despois crear as

zanxas laterais que posteriormente se converterán en cunetas para a recollida de pluviais. Como seguinte paso colocárase a subbase granular, sobre a que despois se posicionarán a zorra e a base de macadam. A seguinte e última fase consistirá na colocación do aglomerado, primeiro en frío e despois en quente, que revestirá o firme final.

Por outra banda váise colocar tamén aglomerado en quente no vial que vai de Rúa a Campo Rozado, en Cuíña, e na que vai dende A Cortiñona e Morouzos, en Luama, por valor de 82.990 euros. Ademais do aglomerado tamén se

proxecta o pintado de bandas laterais, o pintado do sinal horizontal de “stop” no encontro do aparcamento de Morouzos e unha cuneta de formigón para a recollida de augas pluviais xunto a unha escollera en Cortiñadona.

Así, as obras chegarán a viais en catorce parroquias de Ortigueira: San Adrián, San Claudio, Mera, O Ermo, As Neves, Devesos, Freires, Couzadoiro, Luama, Ladrado, Loiba, Insua e Cértigos, con traballos que permitirán mellorar a seguridade viaria e facilitar as comunicacións tanto internas dentro das parroquias como entre diferentes puntos do municipio.

O GES conta cun novo equipo de excarcelación

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) de Ortigueira, que lle dá servizo a Carriño, Cerdido, Mañón, Cedeira, Moeche e As Somozas, vén de incorporar un novo equipo de excarcelación que permitirá facilitar o seu traballo e mellorar o tempo de resposta.

O material facilitado, un equipo completo de excarcelación para corte, separación, elevación e tracción de altas prestacións, está cofinanciado

nun 80% por Fondos FEDER, inclúe unha ferramenta combinada, unha cizalla, un cilindro grande, un cilindro pequeno, un separador, unha bomba motor, unha batería eléctrica e cargadores, unha serra manual, un protector de airbag, un set de bloques de estabilización e un soporte para cilindros.

O alcalde, Juan Penabad, destacou que este novo equipo “mellora o tempo de resposta e permitirá salvar vidas”.



O alcalde, Juan Penabad, recibindo o novo equipo de excarcelación para o GES de Ortigueira.

CERDIDO

Cerdido alegou contra o parque eólico Badulaque e aconsella non asinar

O Concello de Cerdido vén de confirmar que si presentou alegacións ao proceso de autorización administrativa do parque eólico Badulaque, a pesar de que non figura na resolución publicada no Boletín Oficial del Estado polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

“Supoñemos que se trata dun erro esa publicación no BOE, na que se di que, entre outros Concellos afectados, o de Cerdido non enviou ningunha alegación. Nós estamos en contra da instalación do parque e agora estamos agardando a que nos aclaren esta situación desde a Delegación do Goberno”, explica o alcalde, Benigno Galego.

O Concello presentou as súas alegacións contra a instalación do parque con data o 3 de setembro de 2021 en tempo e forma para a súa entrada en rexistro, solicitando a desestimación e arquivo da autorización previa do parque eólico Badulaque “pola súa localización inconsistente e incompatibilidade cos valores patrimoniais, sociais, económicos ou paisaxísticos”, entre outros. Así, o Concello de Cerdido ra-



Imaxe de arquivo dun parque eólico de Enel Green Power.

tifica a súa negativa ó parque eólico, “para o que non se contou coa aprobación de ningún dos estamentos públicos nin coa opinión da veciñanza”. O alcalde tamén lle aconsellou ós veciños afectados pola adquisición de terreos do parque de Badulaque non asinar ningún documento ata ter toda a información sobre a adquisición das parcelas.

“Aínda quedan varios procesos por realizarse, polo que non queremos que a veciñanza se precipite e asine algo que pode que ao final non se leve a

cabo”, continuou. Os terreos que van ser de utilidade “aínda teñen que saír a exposición pública”, polo que a información actualmente é “limitada”.

Na actualidade a empresa Enel Green Power, a adxudicataria para levar adiante o parque eólico, estase poñendo en contacto cos veciños para realizar os trámites, adiantándose aos prazos.

En canto se fagan públicos os datos, o Concello de Cerdido “axudará ós afectados a realiar os procedementos correspondentes”.



Aprobado o orzamento de 1,2 millóns sen subir taxas nin impostos

O pleno do Concello de Cerdido aprobou o pasado mes de marzo o seu orzamento para o ano 2023, unhas contas de 1.256.512 euros que un ano máis conxelan as taxas e impostos para evitar gravar as economías dos veciños. No orzamento destacan “a aposta polas políticas de carácter social” e a prestación de servizos durante 365 días ao ano ás persoas máis vulnerables.

Ademais, o Concello de Cerdido rematou o ano “con débeda cero” e con remanente positivo de tesourería, o que, en palabras do alcalde, Benigno Galego, significa “que se está a facer unha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos por parte do equipo de Goberno”. “Son uns orzamentos nos que priman as políticas de carácter

social e que contemplan investimentos que reducen no beneficio da veciñanza de Cerdido”, apuntou Galego.

Nestas contas de 1,2 millóns de euros non se contempla o proxecto do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), unha actuación que conta un investimento de 550.000 euros que está a permitir o cambio de luminarias en todo o municipio, nin a actuación na Casa da Cultura para crear a Casa do Maior, unha oficina de coworking e aulas de formación a través dos Fondos de Transición Xusta, cunha partida de 461.000 euros.

Estes dous proxectos, que xa están aprobados e non veníen reflexados nos orzamentos de 2023, dobran a cantidade aprobada no pleno.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño



CEDEIRA



Aspecto do areal durante unha tormenta o pasado inverno.

Avances no proxecto de rexeneración do arenal da Madalena

O ORZAMENTO PARA RECUPERAR E REXENERAR O CORDÓN DUNAR SERÁ DE 2,4 MILLÓNS DE EUROS

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou no Boletín Oficial do Estado a declaración de impacto ambiental do proxecto de rexeneración da praia cedeiresa da Madalena. A actuación, dirixida a acabar definitivamente co desequilibrio que afecta ao areal e que fai que o seu cordón dunar estea retrocedendo, terá un orzamento de execución duns 2,4 millóns de euros. Co cumprimento deste trámite queda xa unicamente pendente a licitación do proxecto de execución.

Os problemas da praia cedeiresa da Madalena veñen de finais da década dos noventa. Prodúcese desde aquela un retroceso da liña de costa que afecta ao cordón dunar e que, ata o de agora, se combatiu con sucesivos aportes de area que amosaron non ser máis que solucións provisionais. O goberno local de Cedeira comezou a traballar na procura dunha solución definitiva xa no anterior bipartito, coa colaboración do BNG e Anova e coa implicación da Plataforma



en Defensa da Ría, así como da Confraría de Pescadores. Despois de diferentes xestións e dunha reunión en Madrid do alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, co subdirector xeral para a Protección da Costa, Angel Muñoz Cubillo, a Demarcación de Costas licitou, en febreiro de 2019, a redacción do proxecto e o estudo de impacto ambiental. A pandemia ralentizou un pouco a finalización destes traballos, que finalmente foron sometidos a exposición en 2021.

O proxecto que prevé acometer o Ministerio para a

Transición Ecolóxica vai afectar fundamentalmente á metade septentrional da praia. Construírase un espigón corto na marxe esquerda de desembocadura do Condomiñas e un encauzamento da desembocadura do rego da Veiga, na parte central da Madalena, así como movementos de area que garantizan un ancho de praia seca mínimo de 55 metros na parte dunar máis afectada polos temporais. Para rematar, o proxecto abrangue a repoboación con vexetación autóctona que contribuíra a manter o equilibrio dinámico da zona.

A remeira Raquel Rodríguez, deportista do ano de Cedeira

O Concello e os clubs deportivos de Cedeira celebraron o pasado 28 de abril a XIX Festa do Deporte, unha cita moi especial porque chega despois de tres anos suspendida e que serviu para subliñar os azos cos que os e as deportistas cedeiresas teñen saído do parón que impuxo a pandemia. A gala, que se celebrou nun Polideportivo Municipal ateigado de xente, contou coa presenza e a intervención do arqueiro olímpico Miguel Alvarino. A Festa do Deporte serviu para homenaxear aos seguintes deportistas e entidades:

Karate: Equipo de competición da escola de karate de Cedeira. Remo: Iván González Fragueta e Bruno López Torres; e Candela Martínez Pernas e Raquel Rodríguez Pernas. Pádel: Equipo Feminino A, Alfredo Quintiana García e Raquel Iglesias Lorenzo. Deporte na Natureza: Club Candieira Cedeira. Fútbol: Cedeira Sociedade Deportiva e Irene Díaz Alindado. Deporte adaptado: María Encarnación Alonso Lustres e Jesús Pérez García. Baloncesto: Cedeira Basket Clube. Badminton: Santiago Freire López e Dolores López Lorenzo. Natación: Irene Freire Pernas (Natación Cedeira) Atletismo: Sara Romero Vilela (Natación Cedeira) Triatlón: Damián Suárez Couto e Equipo Cadete do Natación Cedeira (Juan Piñón, Samuel Sánchez, Lucas Riola, Damián Suárez, Manuel Muño e Francisco Bellas).

Ademais, na mesma gala fixéronse as seguintes mencións polas actuacións destacadas dos anos anteriores,

nos que non se celebrou a Festa do Deporte:

Triatlón: Equipo alevín do Natación Cedeira (Irene García, Noa Villadóniga, Ainhoa Dopico, Ainhoa Torres, Roque Caneiro, Martín Otero e Manuel Sande). Natación: Pablo Pérez González e Lucía Sánchez Grandal (Natación Cedeira). Atletismo: Andrea Díaz Iglesias do Natación Cedeira (Natación Cedeira). Baloncesto: Escolas Deportivas do Basket Cedeira. Mención especial a Gonzalo Latorre Morado, fundador e presidente da asociación Apader.

Finalmente, o premio de mellor deportista no ano 2022 foi para Raquel Rodríguez Pernas, do Remo Cedeira, destacada competidora en probas internacionais e que con 18 anos de idade está actualmente estudando en California cunha beca.

Na gala, en cuxa organización estiveron implicados os clubs Polideportivo Apader, Badminton Cedeira, Cedeira Basket Club, Club Natación Cedeira, Cedeira SD, Club Candieira, Discalzas SD, Escola de Karate Cedeira, Club Pádel, Remo Cedeira e Club de Baile Street Dance, como colofón a homenaxe sorpresa que todas as entidades e o Concello renderon a Antonio Sedes Bellón, traballador laboral no Polideportivo desde o ano 1990, cando se inaugurou, e persoa dinámica e comprometida co pobo. A falta de dous meses para a súa xubilación, o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, fíxolle entrega dunha placa e expresoulle o cariño e o recoñecemento de todos pola súa adicación.

Raquel Rodríguez Pernas, do Remo Cedeira.



ARES

Luz verde aos orzamentos municipais de Ares para 2023

A APROBACIÓN DO DOCUMENTO PERMITIRÁ POÑER EN MARCHA O PROXECTO PARA **SOLUCIONAR O PROBLEMA DE ABASTECIMENTO DE AUGA DA VILA**



O pleno extraordinario aprobou os orzamentos para 2023, o que supón sacar adiante as contas municipais, é dicir, o documento económico máis importante do Concello, cun importe que neste exercicio ascende a 7.478.846,44 euros.

O alcalde, Julio Iglesias, subliñou que as contas aprobadas reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira e o límite de gasto non financiero da administración local. O obxectivo con estas contas, remarcou, é que este Concello sexa unha administración ben xestionada e solvente, e que se rexe polo equilibrio orzamentario.

Así as cousas, os orzamentos permitirán poder levar a cabo a actuación de maior calado para os veciños e veciñas de Ares en moitos anos como é resolver o problema do abastecemento, ademais de mellorar a prestación de servizos que se levan a cabo dende a administración local.

O rexedor, Julio Iglesias, explicou que se trata duns orzamentos expansivos coa finalida-

de de resolver definitivamente un problema secular do Concello de Ares co subministro de auga potable. Este problema resolverase despois de moito traballo e implica un importante esforzo inversor, tanto dos fondos propios como das outras administracións implicadas.


Con isto, o Concello logrou articular a financiación e execución das obras para o proxecto de “Mellora do sistema de abastecemento en Ares”, que prevé unha aportación plurianual da Deputación da Coruña por importe total de 1.712.000 euros e de 856.000 euros por parte do Concello —nas anualidades de 2023, 2024 e 2025—.

Doutra banda, a Xunta de Galicia aportará a cantidade de 1.712.000 euros. Con estas partidas sufragarase o custe total dunha actuación que ascende a 4.280.000 euros e que implica a construción duns depósitos nos terreos adquiridos polo Concello en Simou que abastecerán de auga ao municipio.

Ademais, o capítulo de in-

fraestruturas recolle outras importantes actuacións que completarán a renovación integral da rede de abastecemento e saneamento en todo municipio, entre os que destacan, por exemplo, o proxecto de mellora de servizos e pavimentos na rúa San Xosé —156.285 euros— ou a mesma intervención na rúa Fomento —cun importe de 155.139 euros—. Neste apartado tamén se inclúen actuacións como o proxecto para a mellora das infraestruturas no entorno de O Porto —rúas Caramanchón, dos Mártires e San Xoan, por importe de 207.792,92 euros—.

Tamén adquire gran importancia, entre outros, a aportación municipal para a renovación integral da envolvente exterior do pavillón municipal —coa renovación de todas a fachadas, a cuberta, a iluminación e as instalacións de xeración térmica—, cuxo investimento total acada os 516.051,74 euros; ou as partidas reservadas para adquisición de terreos, entre elas, a que permitirá a dotación dun aparcadoiro público na rúa Concepción Arenal.



Comezan as obras para acondicionar o interior da Reitoral

A concellaría de Urbanismo anunciou que a principios desta semana arrancaron os traballos que permitirán o acondicionamento interior da Reitoral de Ares. A concelleira, Olimpia Marcos, informou que a intervención realizarase seguindo a liña de proxectos anteriores, que incluíron a rehabilitación da cuberta e exteriores do edificio.

Nesta ocasión, as obras centraranse na reforma do interior, co obxectivo recuperar o seu esplendor orixinal, incorporando actuacións en elementos como a tabiquería, a carpintería interior e exterior, o chan, a fontanería, a electricidade e a iluminación. A reforma permitirá aumentar a superficie útil da Reitoral, pasan-

do dos 171,13 metros cadrados actuais aos 277,09 metros cadrados despois do proxecto, grazas á ampliación da planta superior.

Con todo, conservaranse elementos orixinais do edificio, como a envolvente exterior, a estrutura da cuberta, o muro interior de separación de espazos, as portas de cantería, os recercados das xanelas e portas, e o patín de entrada con escaleiras, que é un elemento distintivo do inmoble e un dos tres existentes en todo Ares.

Unha vez finalizadas as obras, a Reitoral de Ares converterase nun espazo de uso público, que será utilizado para unha ampla variedade de eventos e actividades, tanto culturais como sociais.

Carlos de Castro, profesor e historiador

Juan José Roberes, sacerdote eumés entre o social e o poético

A SÚA OBRA FALA DE AMOR E DE AMIZADE, DA CONDICIÓ HUMANA, DA MORRIÑA DA PATRIA PERDIDA E DAS SÚAS PAISAXES, ALGÚNS DE RELIXIÓN E DE HISTORIA, SEMPRE CUN SENTIMENTO TRÁXICO DA VIDA

Descoñecemos as razóns polas que Juan José Roberes Rodríguez, cando tiña 19 anos, a pouco de morrer o seu pai e tendo cursando catro anos de carreira eclesiástica, emigra a Cuba, sendo membro dunha familia con recursos económicos. O certo é que en Cuba termina de formarse, chegando a ser cóengo doutoral da catedral da Habana e notario maior do devandito arcebispado. Os pasos cara a esa dignidade, que alcanza en 1911, son coñecidos: terminados os seus estudos no seminario da Habana, pasou a Iucatán (México) onde se ordenou sacerdote en 1896, regresando a Cuba para exercer sucesivamente de tenente cura en Cifuentes e Cárdenas, e cura en Aguacate, Alto Novo, Balondró, Ceiba de Auga e Managua. Persoa culta, políglota, bo orador, poeta e afeccionado á pintura, exerceu durante algún tempo de profesor de Filosofía e Historia, foi presidente do Centro Galego na Habana e da Asociación iniciadora e protectora da Real Academia da Lingua Galega en Cuba, e fundador da Asociación Pontedeume e da súa Comarca.

J. José Roberes naceu en Pontedeume en 1872 e morreu o 20 de febreiro de 1938, tamén en Pontedeume. Non sabemos moito dos seus pais, que tiveron nove fillos e casa na rúa de Santiago, de onde pasan a Porto de Arriba, a unha casa branca á que dedicou algúns versos, como tamén llos dedicou á súa irmá Carmen. Sabemos que o seu pai, Ramón Roberes, casou coa canaria Francisca Rodríguez Yáñez, e que foi primo de Edmundo Roberes, director de *El Eco de Pontedeume*. A esta publicación, onde publica a súa primeira poesía, sucedeulle *Ecos del Eume*, da que Juan José foi corresponsal e encargado de subscricións entre 1911 e 1914. Manuel Carrillo Cortizas, redactor da revista *Galicia en Cuba*, ao referirse a el nunha foto da asociación "Pontedeume y su Comarca" que manda a *Ecos del Eume*, dinos comentando dita foto: "veis al astro brillante e inspirado, al escritor castizo, que más de una vez nos deleitó con sus bellas prosas y vibrantes artículos, al pintor excelente; al músico admirable, y por últi-



mo, al ejemplar y virtuoso sacerdote".

Conciencia social

Del dise en *Ecos del Eume* que foi un verdadeiro socialista, o que debemos entender nun sentido cristián e non político. Coñece de primeira man o problema da emigración, fala descarnadamente dos seus mitos e das mentiras que provocan o seu pernicioso efecto chamada, criticando duramente aos pais que permiten a saída das súas fillas, considerando que máis lles valse morrer de fame; e, sobre todo, lamentase da incultura e falta de formación dos emigrados, o que os leva a ser carne de canón. Para tentar evitar este mal impulsa en 1911 a creación da asociación "Pontedeume e a súa Comarca", que pasa a chamarse ao ano seguinte "Pontedeume y su partido judicial". Este tipo de asociacións ou "sociedades de instrución" aparecen nun momento de efervescencia do asociacionismo indiano (había 35 en 1912) para crear escolas que mellorasen a instrución dos seus paisanos, das que a Alianza Aresana, a pioneira, foi un bo exemplo. Pero aínda que

Juan José non desistía de fundar unha escola agrícola, un museo ou unha biblioteca, a súa idea era moi distinta á das devanditas asociacións: para el non debían de suplantarse o papel do Estado, a quen competía a educación dos cidadáns, senón complementar o seu labor, impulsando a creación de escolas nos lugares onde houbera máis de 30 veciños, e unha vez creadas, constituír nelas seccións de formación profesional. E iso cunha visión adiantada do papel da muller, pois estas seccións de ensino práctico deberían estar abertas a ambos os dous sexos.

A asociación xorde con 172 socios fundadores e un entusiasmo desbordante que leva ao concello de Pontedeume a ofrecer a casa-palacio dos Andrade e unha doazón de 1000 pesetas anuais. Pero o entusiasmo arreírase pronto, seguramente por desavinzas internas. Algúns membros, cunha postura máis político-social, seguen a opinión de Constantino Horta, quen desconfiaba dos gobernos, ineficaces e antipatrióticos, que non miraban polo ben do pobo, e inclínanse por unha vía aresá, que supoñía simple-

mente a creación dunha escola, orientada pola asociación, libre das directrices institucionais. Sexa por estas discrepancias ou por certas críticas infundadas, o certo é que Juan José renunciou á presidencia na elección do bienio de 1913 e 1914, aínda que volverá en 1920. Tiña por entón a asociación uns fondos de 5250 pesetas e 80 socios, e, fose pola falta de financiamento ou de espírito asociacionista, o certo é que nunca chegarían a cumprirse os obxectivos fixados nos seus estatutos, converténdose en unha asociación de afirmación da identidade eumesa, de beneficencia e de socorros mutuos.

Juan José poeta

É certo que os seus coetáneos o consideraron un poeta e que en 1912 gaña o premio de poesía convocado pola revista *Bohemia* cunha composición dedicada á patroa de Cuba, a Virxe da Caridade do Cobre; e é certo que previamente publicara nos xornais de Pontedeume e en outras revistas co pseudónimo de D'Eume; pero non é menos certo que morreu sen publicar ningún libro. E é que, pensamos, foi máis orador que

escritor; e imaxinámo-lo recitando os seus poemas e regalándollos aos seus amigos e coñecidos. El dinos de si mesmo con versos moi afastados da grandilocuencia decimonónica:

*¿Quién soy? -Hoja marchita.
¿Quién fui? -Una onda inquieta.
Fui algo que se agita;
ni bardo ni poeta
ni genio creador.
Fui como todo el mundo
un soñador profundo;
y, al fin, triste y rendido,
no soy ni lo que he sido:
un pobre soñador.*

Chegou a Pontedeume para morrer traendo na maleta 94 poemas, 24 baixo o título de Rimas. Son poemas que nos falan de amor e de amizade, da condición humana, da morriña da patria perdida e das súas paisaxes, algúns de relixión e de historia, sempre cun sentimento trágico da vida. Poemas cos que nunca perseguiu a gloria nin deixar na memoria dos homes a súa canción; poemas hoxe en mans de Manuel Otero (marido de Carme María Roberes, a súa sobriña), quen non descansará ata velos editados nun libro, evitando así o esquecemento definitivo.

CULTURA

A serie 'Rapa', gravada en Ferrol, estrea segunda tempada o 15 de xuño

A TRAMA DOS NOVOS EPISODIOS, OS SEIS QUE COMPOÑEN A TEMPADA, LEVA A MAITE E A TOMÁS A FERROL, LUGAR NO QUE DOUS CASOS SEN RESOLVER VOLVERÁN UNILLOS

Movistar Plus+ adianta o *teaser* e anuncia nova data para a estrea da segunda tempada de 'Rapa'. O thriller criminal, que se converteu coa súa primeira entrega na mellor estrea de ficción da tempada en Movistar Plus+, chegará á plataforma o xoves 15 de xuño.

A trama dos novos episodios, os seis que compoñen a nova quenda, leva a Maite e a Tomás a Ferrol, lugar no que dous casos sen resolver volverán unilos. Ela terá que adentrarse no Arsenal, un mundo hermético rixido por unhas normas moi estritas, onde desapareceu unha oficial. El empeñárase en resolver un caso de asasinato que está a piques de prescribir despois de 20 anos.

“O máis interesante agora é que temos dúas tramas, dälle maior vitalidade á tempa-



da”, comentou Cámara. En canto á relación entre Tomás e Maite: “Non hai unha relación como noutras series, non se bican. Gústame que se acheguen un pouco máis agora, aínda que en realidade, peléxanse todo o tempo”, comentou o actor durante a pre-

sentación desta segunda entrega.

“Gústame da serie que sexa rural, con esa luz e esa paisaxe, é un personaxe máis que lle achega valor á serie. Na segunda tempada estamos en Ferrol, unha cidade cunha personalidade deslumbran-

te”, comentou pola súa banda Mónica López.

Creada por Pepe Coira e Fran Araújo, a serie orixinal Movistar Plus+ contará nesta segunda tempada con Rafa Montesinos ('O inmortal', 'Parrot', 'A caza. Montepérdido') e Marta Pahiña ('Cites', 'Pulsei-

ras Vermellas', 'Smiley') na dirección. Xunto a Javier Cámara e Mónica López, completan o reparto, entre outros, Carlos Blanco, Federico Pérez Rey, Evaristo Calvo, Melania Cruz, Darío Loureiro, Iolanda Muíños, Chisco Amado, Adrián Ríos, Fran Lareu e Sabela Arán.

La gestión de tus seguros de forma rápida, personalizada y siempre con el mejor precio.



Hogar



Vida

**AUXILIAR
BROKER**
MEDIADORES DE SEGUROS



Salud



Decesos

LA MEJOR COMPAÑÍA ENTRE TÚ Y TU ASEGURADORA.



Polígono industrial de Vilar do Colo
C/Cornecha parc. 4, oficina 5 15621 Cabanas (La Coruña)



Llámanos al 981 396 524, escríbenos al 619 374 140 o bien
un correo a administracion@auxiliarbroker.com